



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

# TRABALLO DE FIN DE MÁSTER


---

## MÁSTER EN DISCAPACIDADE E DEPENDENCIA

Estudio observacional de prevalencia sobre acoso sexual no entorno universitario e saúde física e mental en estudantes de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña

Cross-sectional study of sexual harassment in the university environment and physical and mental health in students of Health Sciences of the University of A Coruña

Estudio observacional de prevalencia sobre acoso sexual en el entorno universitario y salud física y mental en estudiantes de Ciencias de la Salud de la Universidad de A Coruña



Alumno: Dna. Lucía López López

DNI: 34.285.049.F

Directora: Dna. Beatriz Rodríguez Romero

Convocatoria: Setembro de 2021

Facultade de Fisioterapia



## Índice de contidos

1.	Fundamentación teórica .....	11
1.1.	Identificación e denuncia da violencia sexual .....	11
1.2.	Factores de risco na violencia sexual .....	13
1.3.	Violencia sexual na universidade .....	14
1.4.	Consecuencias da violencia sexual no ámbito social e psicolóxico .....	14
1.5.	Consecuencias da violencia sexual no ámbito físico. ....	15
1.6.	Características da saúde física e mental da poboación universitaria.....	16
1.7.	Xustificación do traballo .....	17
2.	Hipóteses e obxectivos .....	20
2.1.	Hipótese nula (H0).....	20
2.2.	Hipótese alternativa (H1) .....	20
2.3.	Pregunta de investigación .....	20
2.4.	Obxectivos xerais e específicos .....	20
3.	Metodoloxía .....	21
3.1.	Estratexia de busca bibliográfica .....	21
3.2.	Tipo de traballo .....	22
3.3.	Ámbito de estudo .....	22
3.4.	Período de estudo .....	22
3.5.	Cronograma.....	22
3.6.	Selección da mostra .....	23
3.7.	Xustificación do tamaño mostral.....	24
3.8.	Procedemento de recollida de datos .....	24
3.9.	Instrumentos de avaliación .....	25
3.10.	Descripción das variables a estudar .....	27
	Variables dependentes: dor crónica músculo esquelética, sensibilización central e calidade de vida.....	27

Variable independente: acoso sexual.....	27
Variables descriptivas.....	28
3.11. Técnicas de análise estatística dos datos .....	28
3.12. Aspectos éticos e legais.....	29
Declaración do cumprimento da normativa aplicable .....	29
3.13. Memoria económica .....	30
4. Resultados .....	30
4.1. Descripción da mostra segundo características sociodemográficas e académicas.....	31
4.2. Estudio do acoso sexual .....	32
4.2.1. Análise descriptiva da escala de acoso sexual e comportamento de interacción sexual e variables asociadas.....	32
4.3. Estudo da saúde física e mental en termos de prevalencia e intensidade de dor musculoesquelética, síntomas de dor crónica e calidade de vida relacionada coa saúde.....	39
4.3.1. Descripción da mostra segundo prevalencia e intensidade de dor musculoesquelética.....	39
4.3.2. Análise da prevalencia de DME actual e variables asociadas.....	41
4.3.3. Descripción da mostra segundo síntomas de sensibilización central e variables asociadas	43
4.3.4. Análise de Sensibilización Central (SC) e variables asociadas. ....	45
4.3.5. Descripción da mostra segundo a calidade de vida relacionada coa saúde e variables asociadas	46
4.4. Análise de correlación entre as experiencias de acoso sexual e as variables estudiadas relativas a saúde física e mental.....	51
4.4.1. Asociación entre historial de violencia sexual e prevalencia de dor musculoesquelética no último ano .....	51
4.4.2. Asociación entre experiencias de violencia sexual e síntomas de sensibilización central e as dimensíons relacionadas coa saúde física e mental do SF-12 .....	53
5. Discusión.....	54

5.1. Acoso sexual .....	54
5.2. Saúde física e mental.....	56
5.3. Correlacións da saúde física e mental co acoso sexual .....	59
6. Limitacións.....	60
7. Implicacións.....	61
8. Conclusións.....	62
9. Suxerencias para investigacións futuras.....	62
10. Divulgación do estudo .....	63
11. Referencias bibliográficas.....	65
Anexo 1: Cartel informativo .....	73
Anexo 2: Cuestionario Nórdico Musculoesquelético Simplificado.....	74
Anexo 3: Cuestionario SF-12 .....	75
Anexo 4: Cuestionario de Sensibilización Central .....	78
Anexo 5: Escala de acoso sexual e interacción social de contido sexual no ámbito universitario .....	80
Anexo 6: Documento de información, compromiso de confidencialidade e consentimento informado  82	
12. Anexo 7: Certificación da comunicación .....	89

## Índice de táboas

Táboa 1: Clasificación do acoso sexual.....	11
Táboa 2: Palabras clave empregadas na busca bibliográfica.....	21
Táboa 3: Cronograma de trabalho .....	22
Táboa 4: Descripción de variables dependentes.....	27
Táboa 5: Descripción de variables independentes.....	27
Táboa 6: Descripción de variables descriptivas. ....	28
Táboa 7: Recursos económicos .....	30
Táboa 8: Análise descriptiva dos factores Escala de acoso sexual e interacción social de contido sexual no ámbito universitario (EASIS-U).....	33

Táboa 9: Análise da frecuencia de resposta dos factores da Escala de acoso sexual e interacción social de contido sexual no ámbito universitario (EASIS-U) segundo xénero.....	33
Táboa 10: Análise dos factores da Escala de acoso sexual e interacción social de contido sexual no ámbito universitario (EASIS-U) con relación a xénero, titulación e curso. ....	34
Táboa 11: Prevalencia de dor músculo-esquelética en estudiantes de Ciencias da Saúde, segundo as distintas zonas corporais, medida a través do Cuestionario Músculo-Esquelético Nórdico. ....	39
Táboa 12: Media da puntuación obtida na Escala Numérica da Dor para as distintas zonas corporais, ordenadas de maior a menor intensidade de dor.....	40
Táboa 13:Prevalencia de dor músculo-esquelética segundo xénero.....	41
Táboa 14:Prevalencia de dor músculo-esquelética actual segundo titulación académica .....	42
Táboa 15:Prevalencia de dor músculo-esquelética actual segundo curso académico. ....	43
Táboa 16:Prevalencia dos diagnósticos de síndromes de sensibilización central segundo o Inventario de Sensibilidade Central.....	44
Táboa 17: Análise das dimensíons do cuestionario SF-12 segundo xénero. ....	49
Táboa 18: Valores do compoñente sumario físico e mental segundo titulación e curso académico.....	50
Táboa 19: Resultados de prevalencia de dor musculoesquelética no último ano segundo historial de violencia sexual .....	52
Táboa 20: Resultados de sensibilización central e dimensíons de saúde física e mental segundo historial de violencia sexual .....	53

## Índice de figuras

Figura 1: Reconto de participantes por titulación e curso académico. ....	31
Figura 2: Reconto de participantes por curso académico. ....	31
Figura 1: Reconto de participantes por titulación e curso académico. ....	31
Figura 3: Interacción factores de acoso sexual e titulación e curso académico.....	36
Figura 4: Interacción factores de acoso e titulación académica e xénero. ....	37
Figura 5: Interacción factores de acoso e curso académico e xénero. ....	38
Figura 6: Gráfico de asociación dor crónica músculo esquelética e ciclo menstrual .....	41
Figura 7: Gráfico de niveis de sensibilización central.....	44
Figura 8: Distribución da puntuación dos síntomas de Sensibilización Central entre xéneros.	45
Figura 9: Puntuación media de sensibilización central por titulación académica.....	46
Figura 10: Valores da mostra en cada unha das dimensión e compoñentes do cuestionario SF-12.....	47

Figura 11: Puntuacións do cuestionario SF-12 segundo grupos de idade. PCS = puntuacións do componente sumario físico; MCS = puntuacións do componente sumario mental..... 48

Figura 12: Risco de primeira fase de depresión segundo xénero considerando o porcentaxe de participantes que se atopan con valores inferiores a 44 puntos no Componente Sumario Mental no caso dos homes (imaxe esquerda) e das mulleres (imaxe dereita) ..... 49

## Agradecementos

Este proxecto pon fin a unha etapa formativa intensa pero frutífera, na cal a evolución vivida traspasou o ámbito académico para alcanzar o persoal. Poder finalizar os meus estudos abordando unha temática tan complexa, como a violencia sexual e a saúde, constitúe un reto persoal cumplido.

O desenvolvemento deste traballo permitiu-me recordar aquello que unha vez me dixera un gran profesor: “... *cando descubrimos que a cor da máscara é unha elección, [renacemos]*”. Xustamente o meu interese persoal neste traballo foi clave para continuar con ese cambio de cor e perspectiva iniciado fai anos. Porén, non podo esquecer a axuda coa que contei para este traballo e a cal debo agradecer.

En primeiro lugar, á miña titora Dna. Beatriz Rodríguez Romero, que sendo a violencia sexual unha temática allea ao seu ámbito, non dubidou en apoiarme. Grazas por facilitarme a realización deste proxecto, por axudarme a resolver os obstáculos atopados no camiño dun xeito tan eficaz e rápido. Grazas por facerme dubidar e non permitirme caer no conformismo, por saber guiar o meu esforzo e conseguir chegar un pouco máis alá. Grazas por acompañarme na evolución vivida este ano, da que fuches, sen dúbida, gran responsable. Así mesmo, grazas ao resto de profesores que me brindaron a súa axuda durante toda a miña experiencia académica e, de forma particular neste traballo, á Dra. Victoria A. Ferrer Pérez.

Tamén debo agradecer o apoio da miña familia. Meus pais e miña irmá Sandra sempre son refuxio para compartir as ledicias dos éxitos, pero moito más cando é necesario parar e recomponerse dos obstáculos atopados. Grazas por non dubidar de mim, por darme folgos en todo momento e brindarme as ferramentas necesarias para seguir polos camiños que considero correctos, por difíciles ou descoñecidos que vos poidan parecer. Grazas por seguir transmitíndome o valor da humildade, do esforzo e da constancia, valores que permitiron que hoxe eu poida estar na Universidade sen perder nunca de vista as miñas raíces labregas.

Por último, grazas ás compañeiras que neste camiño estiveron conmigo, regalándome o seu tempo. Especialmente, debo agradecerllo á mellor das casualidades da Coruña, a María. Grazas por ser a miña eterna compañeira, por ser o primeiro no que penso cando me falan da Universidade e, sobre todo, grazas por estar cando o necesitaba sen ter que pedircho.

## **Resumo:**

**Antecedentes:** o acoso sexual é unha problemática presente na Universidade, sendo o xénero feminino e ser xoven factores de risco.

**Obxectivo:** calcular a prevalencia de acoso sexual experimentado na Universidade polo estudantado de Ciencias da Saúde da UDC, así como estimar aspectos da saúde física e mental (dor crónica musculoesquelética, sensibilización central e calidade de vida relacionada coa saúde), e identificar as posibles asociacións entre tales variables.

**Metodoloxía:** estudo transversal de prevalencia e correlacional. Empregáronse cuestionarios validados: EASIS-U<sup>1</sup>, NMQ<sup>2</sup>, NRS<sup>3</sup>, CSI<sup>4</sup> e SF-12<sup>5</sup>. Aprobado polo Comité de Ética da UDC.

**Resultados:** n=171 (79,5% mulleres, idade: 23(5) anos). A prevalencia de violencia sexual foi: chantaxe sexual (1,5%), acoso verbal (9,4%) e acoso físico (3,3%). Preséntase alta prevalencia de dor musculoesquelética cervical, lumbar e de costas superior, así como valores medios de sensibilización central. Obsérvase unha afectación xeneralizada da saúde mental, maior no xénero feminino ( $p=0,002$ ), e alto índice de diagnósticos clínicos ansiosodepresivos. Atopáronse correlacións significativas para a dor en costas superior e experiencias de chantaxe sexual e acoso verbal ( $p<0,005$ ). O resto de variables de saúde física e mental presentan peores resultados nos suxeitos con experiencias de violencia sexual, sen ser estatisticamente significantes.

**Conclusións:** a violencia sexual na Universidade correlacionase coa presenza de dor de costas superior. As persoas con experiencias de acoso sexual tenden a presentar peores resultados de saúde física e mental, aínda que sen significancia estatística. A prevalencia de dor musculoesquelética é elevada. A saúde mental das estudiantes presenta unha importante afectación.

**Palabras clave:** Acoso sexual, Dor musculoesquelética, Sensibilización central, Calidade de vida, Estudiantes de Ciencias da Saúde.

---

<sup>1</sup>Escala de acoso sexual e interacción social de contido sexual no ámbito universitario, <sup>2</sup>Cuestionario Músculoesquelético Nórdico, <sup>3</sup>Escala Numérica de Dor, <sup>4</sup>Inventario de Sensibilización Central, <sup>5</sup>Cuestionario de calidade de vida relacionada coa saúde SF-12

## **Abstract:**

**Background:** Sexual harassment is a problem that is present in university. Being young and female are risk factors.

**Objective:** Calculate the prevalence of sexual harassment among students of Health Sciences at the University of Coruña, as well as estimate some aspects of physical and mental health (chronic musculoskeletal pain, central sensitization, health-related quality of life), identifying possible correlations between these variables.

**Material and methods:** Cross-sectional study of prevalence and correlation. Validated questionnaires were used: EASIS-U<sup>1</sup>, NMQ<sup>2</sup>, NRS<sup>2</sup>, CSI<sup>4</sup> and SF-12<sup>5</sup>. Approved by the UDC Ethics Committee.

**Results:** n=171 (79,5% women, age: 23(5) years). The prevalence of sexual violence was sexual blackmail (1.52%), verbal harassment (9.35%) and physical harassment (3.34%). There is a high prevalence of cervical, lumbar, and upper back musculoskeletal pain, as well as mean values of central sensitization. There is a widespread effect on mental health, significantly greater in women ( $p = 0.002$ ), and a high rate of anxious-depressive clinical diagnoses. Significant correlations were found for upper back pain and experiences of sexual blackmail and verbal harassment ( $p < 0.005$ ). The other variables of physical and mental health show worse results in subjects with experiences of sexual violence, without being statistically significant.

**Conclusions:** Sexual violence at the University correlates with the presence of upper back pain. People with experiences of sexual harassment tend to have worse physical and mental health outcomes, although without statistical relevance. The mental health of the students has a significant impact.

**Keywords:** Sexual Harassment, Musculoskeletal Pain, Central Nervous System Sensitization, Quality of Life, Health Occupations Students

---

<sup>1</sup>Scale of sexual harassment and social interaction of sexual content in the university environment, <sup>2</sup>Nordic Musculoskeletal Questionnaire-<sup>3</sup> Numerical Pain Scale, <sup>4</sup>Central Sensitization Inventory.<sup>5</sup>Health-related quality of life questionnaire SF-12

## **Resumen:**

**Antecedentes:** el acoso sexual es una problemática presente en la Universidad, siendo el género femenino y el ser joven, factores de riesgo.

**Objetivo:** calcular la prevalencia de acoso sexual experimentado en la Universidad por el estudiantado de Ciencias de la Salud de la UDC, así como estimar aspectos de la salud física y mental (dolor crónico musculoesquelético, sensibilización central y calidad de vida relacionada con la salud), identificando las posibles asociaciones entre ambas variables.

**Metodología:** estudio transversal de prevalencia y correlacional. Se han usado cuestionarios validados como: EASIS-U<sup>1</sup>, NMQ<sup>2</sup>, NRS<sup>3</sup>, CSI<sup>4</sup> y SF-12<sup>5</sup>. Aprobado por el Comité de Ética de la UDC.

**Resultados:** n= 171 (79,5% mujeres, edad: 23(5) años). La prevalencia de violencia sexual ha sido: chantaje sexual (1,52%), acoso verbal (9,35%) y acoso físico (3,34%). Se presenta alta prevalencia de dolor musculoesquelético cervical, lumbar y de espalda superior, así como valores medios de sensibilización central. Se observa una afectación generalizada de la salud mental, significativamente mayor en el género femenino ( $p=0,002$ ). Se presenta alto índice de diagnósticos clínicos ansiosodepresivos. Se encontraron correlaciones significativas para dolor en espalda superior y chantaje sexual y acoso verbal ( $p<0,005$ ). El resto de variables de salud física y mental presentan peores resultados en sujetos con experiencias de violencia sexual, sin ser estadísticamente significantes

**Conclusiones:** La violencia sexual en la Universidad se correlaciona con la presencia de dolor en espalda superior. Las personas con experiencias de acoso sexual tienden a presentar peores resultados de salud física y mental, aunque sin significancia estadística. La salud mental de las estudiantes presenta una importante afectación.

**Palabras clave:** Acoso sexual, Dolor musculoesquelético, Sensibilización central, Calidad de vida, Estudiantes de Ciencias de la Salud.

---

<sup>1</sup>Escala de acoso sexual e interacción social de contenido sexual en el ámbito universitario, <sup>2</sup>Cuestionario Músculoesquelético Nórdico, <sup>3</sup>Escala Numérica de Dolor, <sup>4</sup>Inventario de Sensibilización Central, <sup>5</sup>Cuestionario de calidad de vida relacionada con la salud SF-12.

## 1. Fundamentación teórica

### 1.1. Identificación e denuncia da violencia sexual

A Organización Mundial da Saúde (OMS) define a violencia sexual como “*todo acto sexual, tentativa de consumar un acto sexual, comentarios ou insinuacións sexuais non desexados ou accións para comercializar ou utilizar de calquera outro modo a sexualidade dunha persoa mediante coacción por outra persoa, independentemente da relación desta coa vítima, en calquera ámbito, incluídos o fogar e o lugar de traballo*”.<sup>1</sup>

Dentro desta definición tan ampla, a clasificación das diferentes formas de violencia sexual convértese nunha tarefa complexa de realizar. Para este traballo centrarémonos no estudo do acoso sexual, polo que se tomará como referencia a definición e clasificación emplegada polas unidades de igualdade recollidas na publicación *Unidades de igualdad: género y universidad* publicada pola Universidade Autónoma de Madrid.<sup>2</sup>

Dentro desta clasificación diferenciamos segundo o tipo de violencia, dous grandes grupos:

- **Acoso ambiental** que crea un entorno intimidatorio e degradante para a persoa que sufre dita violencia.
- **Acoso vertical, de intercambio ou chantaxe sexual**, levado a cabo por un agresor en posición xerárquica superior e que exerce o seu poder para someter á vítima. Deste tipo de acoso soen derivarse consecuencias académicas ou laborais para a vítima, tanto polo rexeitamento como aceptación das presión realizadas polo agresor.

Do mesmo xeito, podemos clasificar este tipo de violencia sexual segundo a súa gravidade como se reflexa na *Táboa 1*:

*Táboa 1: Clasificación do acoso sexual.*

<b>Leve</b>	Chistes de contido sexual sobre a muller, comentarios, miradas ou xestos sexuais.
	Piropos.
	Peticións reiteradas de citas.

<b>Grave</b>	Cuestiós sobre a vida sexual. Peticións e insinuacións sexuais. Presión despois dunha ruptura sentimental.
<b>Moi grave</b>	Abrazos e/ou bicos non desexados. Tocamentos e acorralamentos. Presións para obter relacións sexuais a cambio de melloras ou ameazas. Violacións.

A identificación e denuncia destas prácticas como formas de violencia é un proceso que presenta diferencias entre homes e mulleres, incluso entre individuos que teñen ou non antecedentes previos de violencia sexual. Esta dificultade á hora de identificar situacións de violencia sexual obsérvase na necesidade de especificar conductas concretas para que os individuos sexan conscientes de que son coñecedores ou, incluso, vítimas destas situacións.<sup>3</sup>

No estudo de *J. R. Craner et al.*<sup>4</sup> móstrase como a maioría das participantes que sufrieron abusos sexuais na adultez e case a metade das que tiñan episodios previos de abuso sexual infantil, non eran capaces de etiquetar ditas vivencias dentro do concepto de “abuso sexual”. Do mesmo xeito, as mulleres, indiferentemente do tipo de abuso sexual que sufriran, presentaban maior facilidade para identificar e denunciar ditas prácticas en comparación cos homes, concordando con outros autores como *Donde S. et al.*<sup>4,5</sup> Esta diferencia na percepción da violencia sexual, favorece á subestimación da prevalencia desta problemática social.<sup>6,7</sup>

Unha explicación para esta asimetría entre os xéneros podería radicar en que o umbral de violencia necesario para que unha acción sexa interpretada como unha agresión sexual é maior nun home que nunha muller.<sup>7</sup> Do mesmo xeito, a construción cultural de masculinidade e virilidade constitúe unha dificultade importante á hora de iniciar o proceso de denuncia.<sup>7</sup> A este obstáculo debemos sumarlle os sentimientos de culpabilidade, vergoña ou, incluso, falta de credibilidade social, que en moitos casos as víctimas de violencia sexual experimentan no momento en que deciden exteriorizar as súas vivencias.<sup>5,7</sup>

## **1.2. Factores de risco na violencia sexual**

Como principais factores de risco para sufrir calquera das formas de violencia sexual destaca o sexo feminino, principalmente na etapa de adolescencia tardía e idade adulta (18-25 anos).<sup>8</sup> O perfil maioritario de perpetrador está caracterizado polo sexo masculino, tanto na vitimización de mulleres como de outros homes.<sup>9,10</sup>

Así mesmo, as persoas con orientacións non heterosexuais e/ou con identidades de xénero non binarias, presentan maiores niveis de violencia sexual. Unha das explicacións que respaldan esta maior prevalencia no colectivo LGTBI é coñecida como a teoría do estrés ás minorías.<sup>9,11</sup> Esta teoría propón que o estigma creado ao redor destas identidades favorece a súa vitimización, ao supor a violencia sexual unha maneira de expresión da homofobia e/ou transfobia. Ao mesmo tempo, a interiorización destes prexuízos dentro dos propios colectivos minoritarios, favorece a non denuncia da violencia que sofren.<sup>11</sup> Un exemplo claro é o atopado no estudo de *Irwin J. et al.* que evidencia que algunas mulleres lesbianas non denunciaban as súas experiencias de violencia sexual pola vergoña que rodeaba á súa orientación.<sup>12</sup>

Ademais, a presenza de discapacidade, principalmente mental e múltiple, é identificada como un dos factores de risco más fortes para sufrir violencia sexual. Os artigos que abordan esta problemática identifican o dobre de risco en persoas con discapacidade, chegando a elevarse ata catro en mulleres.<sup>13,14</sup>

Do mesmo xeito, antecedentes de abuso sexual, tanto na infancia como na vida adulta, supoñen un factor de risco importante para a revitimización destas persoas, chegando a ter entre o duplo e triplo de posibilidades de volver a experimentar episodios de violencia sexual nalgún momento da súa vida.<sup>4,8,15,16</sup>

Estes factores de risco non teñen por que presentarse de maneira illada nos suxeitos. A influencia que se produce entre eles, acuñada como teoría da interseccionalidade pola autora Kimberle Crenshaw, explica como se incrementa o risco de sufrir violencia cando se produce unha confluencia de rasgos de raza, xénero ou identidade vulnerables.<sup>17,18</sup>

### **1.3. Violencia sexual na universidade**

A violencia sexual é un problema de saúde pública que afecta a todos os ámbitos, incluído o académico. Concretamente, as estudiantes universitarias son más propensas a experimentar episodios de violencia sexual. A literatura concorda que aproximadamente entre un 20-25% das universitarias sufrirán algún momento da súa vida académica, algún episodio de violencia sexual, reduciéndose a un 6% no caso dos homes universitarios.<sup>15,18-22</sup> O estudio realizado sobre a violencia contra a muller na universidade española por Valls et al.<sup>23</sup> recolle que un 49% das persoas participantes confirman ter sufrido episodios de violencia sexual na Universidade ou ben ser coñecedoras de que lle ocurrieron a terceiros.

En algúns estudos, a pertenza ao ámbito académico universitario non é considerado un factor de risco importante para experimentar situacións de violencia sexual.<sup>24</sup> Non obstante, publicacións máis recentes si encontran diferenzas significativas entre mulleres universitarias e non universitarias, chegando a denominar aos dous primeiros cursos universitarios como a “zona vermella” de maior perigo para as mulleres.<sup>7,8,10,22</sup>

Dentro da poboación universitaria feminina atópase o denominado “sesgo optimista”, cuxa presenza incrementa a vulnerabilidade deste colectivo. Defíñese este sesgo como a crenza de que un mesmo ten menos posibilidade de experimentar calquera evento, neste caso violencia sexual, en comparación co resto de compañeiros. Este pensamento subestima o perigo das situacións ás que se poden confrontar as mulleres universitarias, sobrevalorando as súas capacidades de xestión e conducindo finalmente a un aumento da súa vulnerabilidade.<sup>25</sup>

### **1.4. Consecuencias da violencia sexual no ámbito social e psicolóxico.**

Sufrir episodios de violencia sexual, tanto na infancia como na idade adulta, pode dar lugar a secuelas que abordan non só o ámbito físico, senón tamén o psicolóxico e social.<sup>26-28</sup>

Destaca como principal afectación psicolóxica despois de sufrir episodios de violencia sexual, o trastorno de estrés postraumático, seguido pola depresión e a ansiedade, tanto a curto como a longo prazo.<sup>27,29-32</sup> Esta afectación da saúde mental acaba por interferir nas actividades

diarias das vítimas e no seu rendemento académico e laboral, así como na súa calidade de vida.<sup>33,34</sup>

Os trastornos da conducta alimenticia tamén se atopan dentro da sintomatoloxía mental más prevalente, así como o consumo de drogas e alcohol.<sup>30,35–37</sup>

Cabe mencionar con especial atención, a relación existente entre os episodios traumáticos de índole sexual e o suicidio, sendo estes traumas o factor de risco máis elevado entre poboación adolescente para as tentativas suicidas.<sup>38</sup> Ademais, en poboación adulta non universitaria, os abusos sexuais, entre outro tipo de violencias interpersoais, constitúen a asociación máis robusta coas ideas ou intentos suicidas segundo a OMS.<sup>39,40</sup>

Por último, semella non existir unha relación de dependencia directa entre a intensidade da violencia sexual vivida e as secuelas psicolóxicas das vítimas. Este feito, polo tanto, reforza a necesidade de non subestimar as consecuencias de violencia considerada como “leve” e realizar esforzos de prevención para todo tipo de violencia sexual.<sup>31</sup>

## **1.5. Consecuencias da violencia sexual no ámbito físico.**

Existe certo consenso científico sobre como as experiencias de violencia sexual, tanto na infancia como na vida adulta, son un factor de risco para o desenvolvemento de dor crónica musculoesquelética, en especial, cando se produce a combinación de varios traumas.<sup>41</sup> Porén o mecanismo que explica esta relación non está totalmente comprendido.<sup>42</sup>

A cronificación desta dor, en algúns casos, dá lugar ao que se coñece como “síndromes somáticos funcionais” ou “procesos de sensibilización central” que non presentan unha causa orgánica clara e cuxa sintomatoloxía presenta unha duración superior a tres meses.<sup>43–46</sup>

Este fenómeno de sensibilización central, definido como o proceso no que os inputs nociceptivos, producen un incremento prolongado e reversible da eficacia sináptica e excitabilidade das neuronas das vías nociceptivas centrais, pode desencadearse cando un estresor externo mantido, neste caso derivado da violencia sexual, dá lugar a unha sobrecarga alostática que produce unha desregulación no eixo hipotalámico-hipofisario-adrenal (HHA) e

simpático-adrenal.<sup>41,47</sup> Esta desregulación desencadea un incremento na producción de cortisol e de citoquinas proinflamatorias.<sup>48,49</sup> Isto dá lugar a cambios adaptativos no sistema inmunitario, deficiencias nos procesos de reparación tisular e á cronificación dun estado proinflamatorio que favorece a hiperexcitabilidade neuronal e a perpetuación da dor.<sup>41,43,48</sup>

Os estresores externos que desencadean o proceso de sensibilización central non teñen porque ser soamente físicos. Os factores psicosociais poden dar lugar aos cambios anteriormente mencionados ou incluso favorecer a súa perpetuación. Algunxs dos exemplos máis importantes a nivel social son o desemprego, o consumo de drogas, o baixo nivel formativo e, en xeral, un nivel socioeconómico pobre.<sup>50,51</sup> A nivel psicolóxico, o factor de risco máis importante é a depresión, aínda que a ansiedade e o sentimento de soidade tamén constitúen fortes mediadores da cronificación da dor.<sup>51–53</sup>

Os cadros que máis comunmente están relacionados con antecedentes de violencia sexual son a dor pélvica, a dor de cabeza, a dor lumbar, a dor abdominal, a dor de extremidades, o síndrome de intestino irritable e a fibromialxia, tamén coñecida como trastorno da dor crónica xeneralizada.<sup>26,44,46</sup>

Así mesmo, existe unha relación significativa entre as experiencias de violencia sexual e as afectacións uroxinecológicas, onde destaca principalmente a dispareunia, a dismenorrea, os sangrados menstruais anormais e, incluso, a incontinencia urinaria.<sup>54</sup>

Cabe destacar, como a poboación feminina, en especial a que presenta antecedentes de abuso sexual, é o grupo que máis prevalencia mostra de dor crónica musculoesquelética, principalmente na mediana idade.<sup>42,55</sup>

## **1.6. Características da saúde física e mental da poboación universitaria**

Un dos trastornos mais prevalentes na poboación xeral é a presencia de dor crónica musculoesquelética, que causa un importante problema na calidade de vida das persoas afectando tanto a esfera física como mental.<sup>56</sup> Unha das posibles explicacións para a perpetuación desta afectación é a sensibilización central, como mencionamos e describimos anteriormente. A afectación que se produce no procesamento central da dor, así como a

inhibición das vías descendentes moduladoras e a hiperexcitabilidade neuronal, derivan nunha cronificación da dor musculoesquelética sen presenza de dano tisular, o que dificulta a súa abordaxe.<sup>57</sup>

A dor crónica de costas, especialmente a localizada a nivel lumbar e cervical, ocupa os primeiros postos de discapacidade, medida esta como *anos vividos con discapacidad*, producindo un fortísimo impacto socioeconómico no sistema sanitario, derivado tanto polas elevadas consultas médicas, como polo xeneralizado emprego de probas complementarias e fármacos pautados en ditas visitas, entre outros costes.<sup>58-60</sup>

A poboación nova, concretamente universitaria, tamén se ve afectada pola dor crónica musculoesquelética. Diversos estudos analizan a prevalencia de dor musculoesquelética lumbar en estudantes universitarios de Ciencias da Saúde, mostrando un alto reporte de afectación que oscila entre o 38,9% e o 76,4%.<sup>61-63</sup> Esta afectación produce un forte impacto no seu rendemento académico, calidade do sono, vida persoal e, en definitiva, na súa calidade de vida.<sup>61</sup>

Algún dos traballos más importantes no estudo da dor crónica, como o estudo EPISER realizado en España,<sup>59</sup> onde complementan a súa análise co emprego da escala de calidade de vida relacionada coa saúde SF-12, pon de manifesto a afectación física e mental que produce a dor lumbar crónica, independentemente das características do suxeito que a experimente.

Do mesmo xeito, esta afectación é extrapolable á poboación nova, onde as afectacións musculoesqueléticas producen unha diminución da calidade de vida física e mental.<sup>64,65</sup>

## 1.7. Xustificación do traballo

A violencia sexual no ámbito universitario non é recoñecida en España ata o ano 2007 coa aprobación da Lei Orgánica 3/2007 do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.<sup>66</sup> A partir de ese momento iníciase un proceso de visibilización da problemática nas entidades públicas que se materializa na creación de unidades específicas en igualdade de xénero en cada centro universitario.<sup>23,67</sup> Estas oficinas teñen como obxectivo a realización de

protocolos que permiten a denuncia da violencia sexual acontecida no ámbito universitario, así como a protección das vítimas.<sup>67</sup>

Porén, aínda que os avances en materia de xénero son innegables, a violencia sexual segue presente nas aulas das universidades. Tal é como se citou anteriormente, un alto porcentaxe de estudiantes afirman ter sufrido eles mesmos ou coñecer a terceiros que sufrieron episodios de violencia sexual contra as mulleres no ámbito universitario.<sup>23</sup>

Rescatando os factores de risco anteriormente mencionados,<sup>3,7,8,19,22,68</sup> as titulacións das Ciencias da Saúde convértense nun escenario extremadamente sensible para o de desenvolvemento de situacións de acoso sexual.

Por un lado, a feminización que historicamente se produciu das profesións sanitarias refléxase na alta porcentaxe de alumnas matriculadas nas titulacións das Ciencias da Saúde. Por outra parte, obsérvase como a franxa de idade comprendida entre os 18 e os 25 anos concentra praticamente o 90% do estudiantado matriculado nestas titulacións. Estes datos estatísticos son obtidos a través do Ministerio de Universidades<sup>4</sup>.

Deste xeito, dous dos principais factores de risco para experimentar episodios de violencia sexual atópanse de maneira predominante no ámbito universitario adicado ás Ciencias da Saúde, converténdoo nun contexto especialmente sensible para este tipo de violencia. Porén, os traballos que estudan de forma concreta a violencia sexual na súa vertente de acoso no ámbito universitario, non son abundantes.

Debido a isto, orientaremos este traballo a analizar a posible asociación entre historia previa de experiencias de violencia sexual no marco académico e a calidade de vida física e mental entre estudiantes universitarios, debido a escasa literatura que aborda esta posible relación.

---

<sup>4</sup> Dirección web:

[http://estadisticas.mecd.gob.es/EducaJaxiPx/Datos.htm?path=/Universitaria/Alumnado/Nueva\\_Estructura/GradoCiclo/Matriculados//l0/&file=Mat\\_GradCiclo\\_Sex\\_Edad\(1\)\\_Rama\\_Tot.px&type=pcaxis](http://estadisticas.mecd.gob.es/EducaJaxiPx/Datos.htm?path=/Universitaria/Alumnado/Nueva_Estructura/GradoCiclo/Matriculados//l0/&file=Mat_GradCiclo_Sex_Edad(1)_Rama_Tot.px&type=pcaxis)

Incrementar o coñecemento da posible existencia dunha relación entre o acoso sexual e a calidade de vida física e mental do estudiantado na Universidade debe considerarse como un aporte científico e social de gran interese público. Esta importancia non só se observa na posibilidade de diminuir o déficit de información existente na materia, senón na contribución que este tipo de estudos poderían realizar en materia de igualdade de xénero, tanto na sensibilización da problemática como na prevención da mesma. Deste xeito, as características da poboación diana, principalmente en termos de idade, poderían ser claves para unha abordaxe preventiva conforme cos obxectivos de prevención e erradicación das diferentes formas de violencia de xénero do Ministerio de Igualdade do Goberno de España.

Así mesmo, destacamos a importancia de realizar estudos que se atopen en consonancia co marco legal da Oficina para a Igualdade de Xénero da Universidade da Coruña (OIX). Concretamente, este traballo permite acercar a situación en clave de xénero da comunidade universitaria en relación aos posibles conflitos académicos sufridos, así como incluír a perspectiva de xénero no estudo da dor crónica musculoesquelética dende a Fisioterapia.

En referencia á elección do estudo da dor crónica musculoesquelética, esta foi tomada tendo en conta a gran repercusión que ten na sociedade española, non só no ámbito físico e mental dos e das cidadáns, senón tamén no propio sistema sanitario.

Tendo en conta a afectación transversal que produce en tódolos eidos dos individuos esta patoloxía, consideramos importantes os estudos que permitan aumentar o coñecemento sobre esta temática, podendo resultar útiles na optimización dos recursos públicos empregados no seu tratamento e prevención.

Deste xeito, manifestamos a relevancia da realización deste tipo de traballos que permitan dilucidar que papel xogan factores sociais menos estudados, como o contexto universitario, tanto nas experiencias de acoso sexual do alumnado, como na posible influencia que estas gardan co desenvolvemento e cronificación da dor músculo esquelética e, en xeral, na afectación da calidade de vida física e mental.

Polo tanto, concluímos que debido a sensibilidade da poboación diana, consideramos necesaria coñecer a prevalencia de acoso sexual e afectación da calidade de vida física e mental que presentan os estudiantes universitarios das titulacións de Ciencias da Saúde da UDC, así como establecer o grao de relación entre ditos eventos.

## **2. Hipóteses e obxectivos**

### **2.1. Hipótese nula (H0)**

A presenza de acoso sexual no estudiantado universitarios da Universidade da Coruña NON está asociada coa saúde física e mental.

### **2.2. Hipótese alternativa (H1)**

Sustentándonos no marco teórico anteriormente exposto, hipotetizamos que a presenza de acoso sexual no estudiantado universitarios da Universidade da Coruña SI pode estar asociada coa afectación da saúde física e mental.

### **2.3. Pregunta de investigación**

Presenta a poboación universitaria das titulacións de grao de Ciencias da Saúde ofertadas pola Universidade da Coruña con historial de violencia sexual desenvolvida no marco académico, peor saúde física e mental?

### **2.4. Obxectivos xerais e específicos**

1. Estimar a prevalencia de acoso sexual entre o estudiantado universitario que cursa os graos das Ciencias da Saúde da UDC: Fisioterapia, Terapia Ocupacional, Enfermería, Podoloxía e Logopedia.
  - 1.1. Determinar as características de acoso sexual mais prevalente e a súa asociación con características relativas a titulación académica, curso, xénero, orientación sexual e presenza de discapacidade
  - 1.2. Identificar o perfil do agresor e da vítima máis común.

2. Estimar varios aspectos da saúde física e mental entre o estudantado universitario que cursa os graos das Ciencias da Saúde da UDC: Fisioterapia, Terapia Ocupacional, Enfermería, Podoloxía e Logopedia.
  - 2.1.Determinar as características de dor crónica musculoesquelética más prevalentes en canto a localización e intensidade e a súa asociación con variables sociodemográficas e académicas.
  - 2.2.Determinar as características de sensibilización central e a súa asociación con variables sociodemográficas e académicas.
  - 2.3.Determinar a calidade de vida relacionada coa saúde a través do cuestionario SF-12 e a súa asociación con variables sociodemográficas e académicas.
3. Identificar se o acoso sexual está asociado coa prevalencia de dor crónica musculoesquelética, a sensibilización central e a calidade de vida relacionada coa saúde na poboación universitaria.

### **3. Metodoloxía**

#### **3.1. Estratexia de busca bibliográfica**

A busca da literatura científica dispoñible sobre a temática da que versará este traballo realizouse durante o mes de Novembro e Decembro de 2020 nas bases de datos Pubmed, PEDro, Web of Science, Scopus, Cochrane e PsycInfo. Así mesmo, empregáronse como palabras clave os termos mostrados na *Táboa 2* relacionadas a través dos operadores booleanos AND e OR.

*Táboa 2: Palabras clave empregadas na busca bibliográfica.*

<b>Violencia sexual</b>	<b>Estudantes universitarios</b>	<b>Dor crónica músculo-esquelética</b>
<b>Sexual Harrassment</b>	Undergraduate	Musculoskeletal Pain
<b>Sex Offenses</b>	College Students	Muskuloskeletal Diseases
<b>Gender-Based Violence</b>	University Students	Abdominal Pain
<b>Intimate Partner Violence</b>	Students Health Occupations	Back Pain
<b>Sexual Abuse</b>	University	Headache
<b>Sexual Violence</b>	Faculty	Neck Pain

**Sexual Assault**

Pelvic Pain

Chronic Pain

A busca foi limitada a través do emprego de filtros de temporalidade (literatura publicada a partir do 2013, debido á obsolescencia de 7.2 anos dentro da disciplina de Fisioterapia a nivel internacional)<sup>69</sup> e idioma (Inglés, Castelán e Portugués).

A literatura obtida tanto pola busca bibliográfica como por busca inversa, foi xestionada a través do programa de xestión bibliográfica Zotero.

### **3.2. Tipo de traballo**

Para dar resposta aos obxectivos anteriormente explicados, levouse a cabo un estudio transversal de prevalencia e correlacional realizado por enquisa online.

### **3.3. Ámbito de estudo**

O proxecto levouse a cabo na Facultade de Oza, cuxos participantes foron os alumnos universitarios das titulacións de Ciencias da Saúde da UDC que compren os criterios de inclusión e exclusión especificados no apartado 3.6.

### **3.4. Período de estudo**


O presente traballo de investigación abarca dende Novembro de 2020 ata Setembro de 2021, cun plan de traballo exposto no apartado 3.5..

### **3.5. Cronograma**

O cronograma de traballo presentase de maneira esquemática na Táboa 3.

*Táboa 3: Cronograma de traballo*

	Nov	Dec	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	XuÑ	Xul	Ago	Set	Out	Nov	Dec
<b>Revisión bibliográfica</b>														



### **3.6. Selección da mostra**

En base aos datos extraídos da contextualización, a selección da mostra realizase mediante metodoloxía non probabilística de tipo casual, debido á accesibilidade ao estudiantado das Ciencias da Saúde da UDC.

Como criterios de inclusión establecéncense:

1. Individuos maiores de 18 anos que matriculados actualmente nalgún dos Graos das Ciencias da Saúde da UDC: Enfermería, Fisioterapia, Logopedia, Terapia Ocupacional ou Podoloxía.

Como criterios de exclusión defínense os seguintes:

1. Individuos que non firmen o consentimento informado.

### **3.7. Xustificación do tamaño mostral**

A xustificación do tamaño mostral ven determinada polo obxectivo de realizar a contraste das hipóteses anteriormente descritas dentro dunha poboación real limitada.

Sendo o total da poboación, neste caso o conxunto de alumnos matriculados no curso 2020/2021 nas titulacións de Ciencias da Saúde da UDC, un total de 1.370 alumnos.

Mediante metodoloxía non probabilística casual, e asumindo os valores aceptados, así como unha hipótese bilateral, calcúlase o tamaño mostral necesario co programa G-Power para atopar diferenzas significativas entre os tamaños de efecto de valor 0,3 (efecto pequeno-medio), mediante Anova de un factor con 5 niveis. Para iso, determinouse como nivel de confianza un 95%, entendendo este nivel de seguridade como un risco máximo do 5% de cometer un erro de tipo I aceptando a hipótese nula como verdadeira, cun coeficiente  $Z_\alpha$  de 1,96 e unha potencia do 85%, o que supoñería un total de 155 participantes necesarios para a realización do estudo.

### **3.8. Procedemento de recollida de datos**

A captación dos participantes realizarase mediante a divulgación do estudo por diversas canles a través dun único cartel informativo. Por un lado, empregarase o formato físico a través da distribución de carteis informativos distribuídos polos edificios universitarios da Universidade da Coruña e o Campus de Ferrol, concretamente na Facultade de Ciencias da Saúde, Facultade de Fisioterapia, Facultade das Ciencias da Educación e Facultade de Enfermería e Podoloxía de Ferrol. Por outro lado, tamén foi difundido electronicamente a través das redes sociais e correo institucional propios da alumna Lucía López López, graduada en Fisioterapia e alumna do Máster Universitario de Discapacidade e Dependencia da UDC.

Por último, contactouse con membros do profesorado de cada unha das titulacións para que nos permita acceder de forma presencial ao estudantado do curso académico no que impartía a docencia. Deste xeito, realizouse unha presentación do proxecto de investigación e solicitouse a súa participación a través das canles anteriormente citadas.

A información do cartel (Anexo 4), idéntica en ámbalas dúas vías de distribución, consta dos seguintes apartados: título e temática do estudo, perfil necesario dos participantes, acceso

ao cuestionario de liña base (URL e código QR) e información de contacto para a resolución de calquera dúbida (e-mail e teléfono da alumna).

Habilitouse unha dirección web (<https://forms.office.com/r/eYGFjYzut0>) de Microsoft Forms para cumprimentar de forma online o cuestionario. A recollida dos datos foi realizada de forma anónima, configurando o cuestionario para imposibilitar a recollida de nome e a realización de máis dunha resposta por parte dun mesmo participante. Aínda que se solicitaba o correo institucional para confirmar a pertenza á Universidade da Coruña e así realizar o cuestionario, ningunha información que puidese permitir a identificación dos participantes foi recollida.

Así mesmo, no cuestionario, ademais de presentar unha breve descripción sobre o tipo de estudo e obxectivos do mesmo, axuntouse unha dirección URL onde os participantes poderían descargar en PDF o consentimento informado previamente á realización das preguntas.

A recollida de datos seguiu os criterios aprobados polo comité de ética da UDC, aspecto que se recolle no apartado 1.23.

### **3.9. Instrumentos de avaliación**

As medicións realizáronse fundamentalmente a través de cuestionarios autocumplimentableis que chamamos en conxunto “cuestionario de liña base”. En dito cuestionario incluíronse á súa vez varios cuestionarios validados tales como:

- **Cuestionario Musculoesquelético Nórdico simplificado,**<sup>70</sup> empregado para o cálculo da prevalencia de dor crónica músculo esquelética nas 9 rexións corporais que o constitúen. Permite analizar a prevalencia de dor durante o último ano, último mes, última semana e na actualidade. Para este proxecto empregouse a súa tradución xurada ao non contar coa validación en lingua castelá.
- **Escala Numérica da Dor,**<sup>71</sup> que permite identificar a intensidade percibida da dor nunha escala de 0 a 10, onde 0 é a ausencia de dor e 10 a peor dor imaxinable para o suxeito.

- **Cuestionario de sensibilización central “Central Sensitization Inventory (CSI)”,<sup>72</sup>** empregado para coñecer o grado de sensibilización central, está formado por dúas partes diferenciadas (A e B) e validadas en castelán. A primeira parte (A) é unha escala Likert formada por 25 ítems constituídos por diferentes síntomas característicos da sensibilización central puntuados de 0 a 4, onde 0 é nunca, 1 rara vez, 2 a veces, 3 a miúdo e 4 sempre. A puntuación oscila entre 0 e 100, diferenciando un punto de corte a nivel dos 40 puntos como zona de detección de síntomas de sensibilización central. Así mesmo, diferéncianse diferentes niveis segundo a puntuación obtida como son os valores SC subclínicos (<29 puntos); valores SC medios (entre 30 e 39 puntos); valores de SC moderados (entre 40 e 49); valores severos de SC (entre 50 e 59 puntos) e, finalmente, valores de SC extrema (entre 60 e 100 puntos).<sup>73</sup> A segunda parte (B) pregunta sobre a existencia ou non de 10 diagnósticos médicos diferentes.
- **Cuestionario de calidad de vida relacionada coa saúde SF-12.<sup>74</sup>** Este cuestionario é a versión abreviada e validada da escala de calidad de vida relacionada coa saúde SF-36 que permite analizar o grado de benestar e capacidade funcional do suxeito tanto a nivel físico como mental. Inclúe a análise de oito ítems como a función física e social, o rol físico e emocional, a saúde mental, a dor corporal e a saúde xeral.<sup>75</sup>
- **Escala de acoso sexual e interacción social de contido sexual no ámbito universitario (EASIS-U).**<sup>76</sup> Esta escala para o análisis da variable de acoso sexual está constituída por 4 factores (chantaxe sexual, acoso verbal, acoso físico e comportamento de interacción sexual), que a súa vez se forman a partir de 38 ítems puntuados dende 1 a 4, onde significa:

- 1: Nunca me sucedeu isto no ámbito universitario.  
 2: Algunha vez me sucedeu isto no ámbito universitario.  
 3: Bastantes veces me sucedeu isto no ámbito universitario.  
 4: Moitas veces me sucedeu isto no ámbito universitario.

Para calcular as frecuencias de cada un dos factores, realizase unha análise das frecuencias de cada ítem que forma os catro factores, e calculase o valor medio para cada ítem e divídese este polo número de ítems que forman cada factor. Deste xeito, as puntuacións dos

4 factores oscilarán nunha escala de 1 a 4, facilitando a súa interpretación e comparación entre os factores.

### 3.10. Descripción das variables a estudar

#### Variables dependentes: dor crónica músculo esquelética, sensibilización central e calidad de vida.

Táboa 4: Descripción de variables dependentes.

Variable	Categorías	Características	Medición
Dor crónica músculo esquelética	Presenza da dor	Variable cualitativa politómica	Cuestionario Nórdico
	Localización da dor	Variable cualitativa politómica	Músculo-esquelético (NMQ)
	Intensidade da dor	Variable cuantitativa	Numeral Rating Scale (N.R.S)
Sensibilización Central	Relación da dor músculo- esquelética co ciclo menstrual	Variable cualitativa dicotómica	Pregunta ad hoc
	Síntomas de sensibilización central	Variable cualitativa politómica	Central Sensitization Inventory (CSI)
Calidade de vida relacionada coa saúde	Compoñente de saude física	Variable cuantitativa	
	Compoñente de saude mental	Variable cuantitativa	Cuestionario SF-12
	Diagnóstico médico	Variable cualitativa politómica	

#### Variable independente: acoso sexual.

Táboa 5: Descripción de variables independentes.

Variable	Categoría	Características	Medición
Acoso sexual	Chantaxe sexual	Variable cuantitativa	

	Acoso sexual de compoñente verbal	Variable cuantitativa	
	Acoso sexual de compoñente físico	Variable cuantitativa	Escala de acoso sexual e interacción social de contido sexual no ámbito universitario
	Comportamentos de interacción social de contido sexual	Variable cuantitativa	(EASIS-U)

## Variables descriptivas.

Táboa 6: Descripción de variables descriptivas.

Variable	Categoría	Características	Medición
Datos sociodemográficos e académicos	Xénero	Variable cualitativa politómica	Pregunta ad hoc
	Sexo	Variable cualitativa politómica	
	Idade	Variable cuantitativa discreta	
	Orientación sexual	Variable cualitativa politómica	
	Titulación	Variable cualitativa politómica	
	Curso	Variable cuantitativa discreta ordinal	
	Discapacidade	Variable cualitativa politómica	
Perfil do perpetrador	Perfil do perpetrador	Variable cualitativa politómica	

No caso dos estudiantes con máis dunha titulación, preguntarase polas experiencias de violencia sexual de forma que se abarque a tódalas titulación cursadas no pasado ou na actualidade. Do mesmo xeito, para os estudiantes con matrículas en diversos cursos, tomarase como curso académico actual aquel que presente o maior número de créditos en matrícula.

### 3.11. Técnicas de análise estatística dos datos

Realizarase unha análise descriptiva para caracterizar minuciosamente aos suxeitos da mostra. As variables cuantitativas preséntanse como medidas de tendencia central (media e mediana) e de dispersión (desviación estándar, valor mínimo e máximo), e as variables de tipo cualitativo preséntanse como cifras absolutas cos seus respectivos porcentaxes.

Para estudar a normalidade da distribución dos datos empregarase o test de Kolmogorov-Smirnov. A comparación de medias realizarase por medio das probas paramétricas t de Student ou da proba non paramétrica U de Mann-Whitney, dependendo se a distribución é normal ou non.

Tendo en conta a normalidade das variables, empregarase ANOVA ou test de Kruskal-Wallis para a comparación múltiple de medias, coa comparación a posteriori de Bonferroni e Mann-Whitney, respectivamente. En caso de non normalidade, realizarase a corrección do nivel de significación a través da división do valor de  $\alpha$  entre o número de comparacións.

A asociación de variables cualitativas será realizada a través da aplicación do estadístico chi-cuadrado ( $\chi^2$ ) e Odds Ratio (OR) con un 95% de intervalo de confianza (IC), tomando un nivel de significación estatística  $p<0,05$ . A correlación de variables cuantitativas entre si será realizada por medio do Coeficiente de Correlación de Pearson ou de Spearman.

O procesamento e análise dos datos levarase a cabo mediante o paquete estadístico SPSS, na versión 24.0 para Windows (Armonk, NY: IBM Corp.) .

### **3.12. Aspectos éticos e legais**

#### **Declaración do cumprimento da normativa aplicable**

Os investigadores declaran o seu compromiso de adherencia aos convenios éticos e á normativa actual sobre investigación, protección de datos e sobre a confidencialidade da información dos participantes no estudio.

O estudio foi elaborado da cordo co establecido á Lei 14/2007, á Declaración de Helsinki e ao Convenio de Oviedo. Respectarase o Regulamento Xeral de Protección de Datos da Unión Europea e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos e garantías de dereitos dixitais.

Proporcionase información veraz e comprensible aos participantes deste estudio, sobre os obxectivos deste, así como das cuestións que lle vamos a solicitar, a través do documento de

información, compromiso de confidencialidade e consentimento informado (Anexo 10). Esta información dase de forma verbal durante as presentacións do estudo de maneira presencial nas aulas, ou por escrito no propio cuestionario, xunto coa correspondente solicitude do consentimento expreso do tratamento dos datos (Anexo 10).

O estudo, con número de expediente 2021-004, conta coa aprobación do Comité de Ética da Investigación e a Docencia da Universidade da Coruña, aprobado o día 4 de marzo de 2021.

### **3.13. Memoria económica**

Debido ás características do estudo, realizado de forma online exclusivamente, os recursos materiais necesarios son limitados. A continuación, especifícanse na Táboa 7.

*Táboa 7: Recursos económicos.*

Recurso	Coste estimado
<b>Fotocopias do cartel informativo</b>	10.00€
<b>Desprazamento aos centros universitarios</b>	20.00€
<b>Soporte informático</b>	1.200€
<b>Software estatístico SPSS</b>	0€ (proporcionado pola UDC)
<b>Total</b>	1.230€


## **4. Resultados**

Os resultados do estudo preséntanse de acordo cos obxectivos e estruturados en catro bloques. No primeiro preséntanse as características xerais da mostra; no segundo abordarase o estudo descriptivo do acoso sexual, no terceiro o estudo dos diferentes aspectos relativos a saúde física e mental (prevalencia e intensidade de dor crónica musculoesquelética, niveis de sensibilización central, e calidade de vida relacionada coa saúde) e, por último, no cuarto bloque o estudo da correlación entre acoso sexual no ámbito universitario e a saúde física e mental.


#### 4.1. Descripción da mostra segundo características sociodemográficas e académicas.

A mostra estivo formada por 171 participantes (12,48% do total de alumnos matriculados), de 23(5) anos de media, cunha idade mínima de 18 e máxima de 53. En relación ao xénero, 136 persoas (79,5%) foron de xénero feminino e 35 (20,5%) masculino. Os participantes son maioritariamente da titulación de Fisioterapia (38%), seguido de Terapia Ocupacional (17%), Enfermaría (16,4%), Logopedia (14,6%) e Podoloxía (14%). Porén, en relación ao cómputo total de alumnos de cada titulación, a participación foi proporcionalmente maior en Podoloxía (25% do total), Fisioterapia (22,2%), Terapia Ocupacional (13%), Logopedia (13%) e, por último, Enfermaría (5,5%). Só un 17,5% indicou a realización dunha segunda titulación relacionada coas Ciencias da Saúde, destacando os Ciclos Superiores de Formación Profesional (9,4%), seguido pola realización doutros Graos (5,3%) e Máster (2,9%).

En canto a distribución segundo o curso no que se atopan matriculado o alumnado, a súa distribución en orde descendente foi de 39,2% do 2º curso, 26,3% no 4º curso, 18,7% no 1º curso e nun 15,8% no 3º curso (Figura 1). Tamén se mostra como se distribúen os alumnos por curso segundo titulación (Figura 2).



*Figura 1: Reconto de participantes por curso académico.*



*Figura 2: Reconto de participantes por titulación e curso académico.*

En relación ás variables de orientación sexual, a maioria das participantes indicaron ser heterosexuais (76%), seguido da bisexualidade (18%), homosexualidade (6,4%) e orientación non específica (0,6%).

Por último, en relación á presenza de discapacidade, un 93,6% da mostra non presentaba ningún tipo. Dentro dos participantes que indicaron a presenza de discapacidade, destaca a discapacidade inespecífica (3,9%), visual (1,8%), osteoarticular (1,2%) e auditiva (0,6%).

## **4.2. Estudio do acoso sexual**

### **1. Análise descriptiva da escala de acoso sexual e comportamento de interacción sexual e variables asociadas.**

Os resultados obtidos para cada un dos 4 factores que constitúen a *Escala de acoso sexual e interacción social de contido sexual no ámbito universitario* (EASIS-U) preséntanse na Táboa 8. Tal e como se mencionou no apartado de 3.9. Instrumentos de avaliación as puntuación próximas a 1 indican baixa frecuencia de experiencias de acoso sexual, fronte a puntuacións próximas a 4 onde se manifesta elevada frecuencia de acoso sexual. Obsérvase que o factor que presenta puntuacións más elevadas é o *acoso sexual verbal* (F2) e polo contrario, a que mostra menor puntuación é a *chantaxe sexual* (F1). Así mesmo, preséntase na Táboa 8 as frecuencias de resposta segundo xénero para cada factor, con porcentaxes superiores nas mulleres en tres dos catro factores.

Tras a análise da asociación entre os valores obtidos para cada un dos factores da *escala de acoso sexual e interacción social de contido sexual no ámbito universitario* (EASIS-U) e as variables de xénero, título, curso, discapacidade, e orientación sexual non se atoparon diferenzas estatisticamente significativas para ningunha delas, tal como se mostra nas Táboa 9 e Táboa 10.

Táboa 8: Análise descritiva dos factores Escala de acoso sexual e interacción social de contido sexual no ámbito universitario (EASIS-U).

	<b>Chantaxe sexual (F1)</b>	<b>Acoso sexual verbal (F2)</b>	<b>Acoso sexual físico (F3)</b>	<b>Comportamento social de interacción sexual (F4)</b>
<b>Media (DT)</b>	1,03(0,01)	1,12(0,02)	1,05(0,12)	1,26(0,03)
<b>Mediana</b>	1	1	1	1
<b>Mínimo</b>	1	1	1	1,17
<b>Máximo</b>	1,53	2,83	2,14	2,5
<b>IC (95%)</b>	1,01-1,04	1,08-1,16	1,03-1,07	1,21-1,31
<b>Nunca</b>	n (%)	<b>167 (97,53%)</b>	<b>152 (89,27%)</b>	<b>164 (95,91%)</b>
<b>Algúnhas veces</b>	n (%)	<b>3 (1,52%)</b>	<b>16 (9,35%)</b>	<b>6 (3,34%)</b>
<b>Bastantes veces</b>	n (%)	1 (0,58%)	2 (1,29%)	1 (0,75%)
<b>Moitas veces</b>	n (%)	-	1 (0,1%)	-
				1 (0,88%)

Táboa 9: Análise da frecuencia de resposta dos factores da Escala de acoso sexual e interacción social de contido sexual no ámbito universitario (EASIS-U) segundo xénero.

		<b>Chantaxe sexual (F1)</b>	<b>Acoso sexual verbal (F2)</b>	<b>Acoso sexual físico (F3)</b>	<b>Comportamento social de interacción sexual (F4)</b>
<b>Feminino</b>	<b>Nunca</b>	n (%)	133 (97,77%)	120 (88,35%)	130 (95,69%)
	<b>Algúnhas veces</b>	n (%)	3 (1,99%)	13 (10,0%)	5 (3,37%)
	<b>Bastantes veces</b>	n (%)	(0,20%)	3 (1,46%)	1 (0,94%)
	<b>Moitas veces</b>	n (%)	(0,04%)	(0,12%)	-
<b>Masculino</b>	<b>Nunca</b>	n (%)	34 (97,43%)	33 (92,86%)	34 (96,73%)
	<b>Algúnhas veces</b>	n (%)	1 (2,57%)	2 (6,66%)	1 (3,27%)
	<b>Bastantes veces</b>	n (%)	-	(0,48%)	-
					1 (1,91%)

	Moitas veces	n (%)	-	-	-	(0,48%)
--	--------------	-------	---	---	---	---------

Táboa 10: Análise dos factores da Escala de acoso sexual e interacción social de contido sexual no ámbito universitario (EASIS-U) con relación a xénero, titulación e curso.

		Chantaxe sexual (F1)	Acoso sexual verbal (F2)	Acoso sexual físico (F3)	Comportamento social de interacción sexual (F4)
<b>XÉNERO</b>	Feminino (n=136)	1,03(0,08)	1,13(0,28)	1,05(0,17)	1,25(0,33)
	Masculino (n=35)	1,03(0,07)	1,08(0,19)	1,03(0,09)	1,29(0,33)
	<i>p</i>	0,688	0,205	0,979	0,463
<b>TITULACIÓN</b>	Enfermería (n=28)	1,03(0,07)	1,08(0,21)	1,05(0,11)	1,18(0,25)
	Fisioterapia (n=65)	1,02(0,36)	1,15(0,23)	1,04(0,13)	1,27(0,34)
	Logopedia (n=25)	1,03(0,11)	1,16(0,41)	1,04(0,15)	1,25(0,34)
	Terapia Ocupacional (n=29)	1,05(0,13)	1,13(0,28)	1,10(0,26)	1,01(0,4)
	Podoloxía (n=24)	1,00(0,03)	1,05(0,28)	1,01(0,4)	1,19(0,24)
	<i>p</i>	0,536	0,111	0,351	0,474
<b>CURSO</b>	1º Curso (n=32)	1,01(0,04)	1,13(0,3)	1,08(0,21)	1,24(0,37)
	2º Curso (n=67)	1,03(0,07)	1,11(0,22)	1,04(0,13)	1,23(0,3)
	3º Curso (n=27)	1,01(0,02)	1,06(0,13)	1,03(0,08)	1,25(0,29)
	4º Curso (n=45)	1,04(0,12)	1,17(0,34)	1,05(0,18)	1,31(0,36)
	<i>p</i>	0,475	0,364	0,775	0,675
<b>ORIENTACIÓN SEXUAL</b>	Heterosexual (n=130)	1,02(0,8)	1,11(0,25)	1,05(0,16)	1,24(0,33),
	Bisexual	1,03(0,06)	1,20(0,32)	1,06(0,13)	1,29(0,36)
	Homosexual	1,01(0,02)	1,08(0,16)	1,04(0,9)	1,34(0,23)
	<i>p</i>	0,144	0,399	0,578	0,191
<b>DISCAPACIDADE</b>	Osteoarticular	1,00(0,0)	1,0(0,0)	1,0(0,0)	1,0(0,0)
	Visual	1,00(0,0)	1,07(0,15)	1,09(0,13)	1,27(0,3)
	Outras	1,02(0,05)	1,16(0,29)	1,0(0,0)	1,06(0,1)
	Sen discapacidade	1,03(0,08)	1,12(0,26)	1,05(0,16)	1,26(0,32)

<i>p</i>	0,326	0,277	0,120	0,179
----------	-------	-------	-------	-------

Para determinar a asociación entre tipo de acoso e as variables sociodemográficas (xénero) e académicas (titulación e curso) realizouse un estudo da interacción dos 4 factores de acoso (chantaxe sexual, acoso verbal, acoso físico e comportamento de interacción sexual) en relación a tales variables. Este análise de interacción axúntase como **Material Complementario**, e recollendo aquí só algunas das figuras que representan tal análise. Tal como se mostra na Figura 3 existe variabilidade en canto os diferentes tipos de acoso percibido polos estudiantes das diferentes titulacións e dos diferentes cursos; e tamén entre as diferentes titulacións e xénero (Figura 4) e curso e xénero (Figura 5), pero ningunha das análises de interacción titulación\*curso, titulación\*xénero e curso\*xénero para cada un dos 4 factores demostrou diferencias significativas.

Os valores más altos para o *factor chantaxe sexual* dase nos estudiantes de cuarto curso de Terapia Ocupacional e no xénero masculino; os más altos para o *factor de acoso verbal* atópase nas estudiantes de xénero feminino do primeiro curso de Logopedia; para o *factor de acoso físico*, as estudiantes femininas do primeiro curso de Terapia Ocupacional presentan os valores más elevados e, por último, para o *factor de comportamento social de interacción sexual* preséntanse os valores más altos tanto para as estudiantes femininas do segundo curso de Logopedia como para os estudiantes masculinos do terceiro curso de Podoloxía.

Na nosa mostra, a excepción do *factor de acoso físico*, o resto de factores (chantaxe sexual, acoso verbal e comportamento de interacción sexual) son más frecuentes no 4º curso.




Figura 3: Interacción factores da Escala de acoso sexual e interacción social de contenido sexual no ámbito universitario (EASIS-U) e titulación e curso académico.





Figura 4: Interacción factores da Escala de acoso sexual e interacción social de contido sexual no ámbito

universitario (EASIS-U) e titulación académica e xénero.



*Figura 5: Interacción factores da Escala de acoso sexual e interacción social de contido sexual no ámbito universitario (EASIS-U) e curso académico e xénero.*

Por último, realiza unha análise do perfil de perpetrador máis común. Entre as persoas que sufriu o acoso o perfil principal é o estudiantado (11,1%), continuado por profesorado (7,6%), persoas descoñecidas (4,7%) e pacientes (4,1%). Personal administrativo, familiares de pacientes e outro tipo de persoas representaron un 0,6%, respectivamente.

### **4.3. Estudo da saúde física e mental en termos de prevalencia e intensidade de dor musculoesquelética, síntomas de dor crónica e calidad de vida relacionada coa saúde**

#### **1. Descripción da mostra segundo prevalencia e intensidade de dor musculoesquelética.**

A prevalencia de dor musculoesquelética segundo os resultados do cuestionario NMQ no que se mide a presenza de dor en 9 rexións corporais no último ano, último mes, última semana e o día da avaliación, recóllese na Táboa 11.

Para todos os períodos de tempo medidos as 3 rexións corporais más prevalentes de dor son a rexión cervical, lumbar e costas superior.

*Táboa 11: Prevalencia de dor músculo-esquelética en estudiantes de Ciencias da Saúde, segundo as distintas zonas corporais, medida a través do Cuestionario Músculo-Esquelético Nórdico.*

	<b>Presenza de DME nos últimos 12 meses</b>	<b>Presenza de DME no último 1 mes</b>	<b>Presenza de DME na última 1 semana</b>	<b>Presenza de DME hoxe</b>
	<b>n (%)</b>	<b>n (%)</b>	<b>n (%)</b>	<b>n (%)</b>
<b>Ombros/brazos</b>	65 (38%)	45 (26,3%)	19 (11,1%)	34 (19,9%)
<b>Costas superior</b>	<b>99 (57,9%)</b>	<b>81 (47,4%)</b>	<b>41 (24%)</b>	<b>65 (38%)</b>
<b>Cóbados/antebrazos</b>	11 (6,4%)	11 (6,4%)	2 (1,2%)	8 (4,7%)
<b>Pulsos/Mans</b>	38 (22,2%)	29 (17%)	10 (5,8%)	24 (14%)
<b>Abdome</b>	46 (26,9%)	35 (20,5%)	13 (7,6%)	25 (14,6%)
<b>Cervical</b>	<b>117 (68,4%)</b>	<b>102 (59,6%)</b>	<b>58 (33,9%)</b>	<b>85 (49,7%)</b>
<b>Xeonllos/Papo da perna</b>	53 (31%)	35 (20,5%)	16 (9,4%)	31 (18,1%)
<b>Nocellos/Pés</b>	53 (31%)	42 (24,6%)	17 (9,9%)	39 (22,8%)
<b>Lumbar</b>	<b>112 (68,4%)</b>	<b>95 (55,6%)</b>	<b>48 (28,1%)</b>	<b>76 (44,4%)</b>
<b>Cadeira</b>	37 (21,6%)	26 (15,2%)	13 (7,6%)	23 (13,5%)

DME: dor musculoesquelética

Na Táboa 12 móstrase a intensidade da dor obtida a través da Escala Numérica da Dor para as diferentes localizacións nos últimos 7 días, referindo a zona lumbar como a rexión corporal na que presentan maior intensidade de dor.

*Táboa 12: Media da puntuación obtida na Escala Numérica da Dor para as distintas zonas corporais, ordenadas de maior a menor intensidade de dor.*

	n	Media (DT)	Mediana	Mínimo Máximo	IC (95%)
<b>Lumbar</b>	84	5,36(2,24)	5,0	1-10	4,87-5,84
<b>Cadeiras</b>	27	5,35(2,45)	6,0	2-10	4,36-6,31
<b>Cervical</b>	92	5,15(2,12)	5,1	1-10	4,71-5,59
<b>Nocellos/Pés</b>	40	4,90(1,9)	5,0	1-9	4,29-5,51
<b>Xeonllos/Papo da perna</b>	38	4,87(2,11)	5,0	1-10	4,18-5,56
<b>Costas superior</b>	74	4,86(2,18)	5,0	1-10	4,36-5,37
<b>Abdome</b>	5	4,80(2,54)	5,0	1-10	3,93-5,67
<b>Ombros/brazos</b>	41	4,49(1,94)	5,0	1-8	3,88-5,10
<b>Cóbados/antebrazos</b>	15	4,47(2,45)	4,0	1-9	3,11-5,82
<b>Pulsos/Mans</b>	30	4,37(1,87)	4,5	1-8	3,67-5,06

DT: desviación típica, IC: intervalo de confianza

A Figura 6 representa a asociación que fan as participantes do seu ciclo menstrual e a súa dor crónica músculo esquelética, onde se manifesta unha baixa relación entre as variables ao predominar as respuestas de “nunca” (27,5%) e “algunhas veces” (26,8%).




Figura 6: Gráfico asociación dor crónica músculo esquelética e ciclo menstrual.

## 2. Análise da prevalencia de DME actual e variables asociadas.

A análise da prevalencia de DME en relación ao xénero mostrase na Táboa 13. Aínda que a prevalencia de dor é superior no xénero feminino que no masculino en praticamente tódalas localizacións, non se presentan diferencias significativas.

Táboa 13:Prevalencia de dor músculo-esquelética segundo xénero.

	Feminino	Masculino	p
<b>Costas superior</b>	<b>39%</b>	<b>34,3%</b>	0,611
<b>Cervical</b>	<b>51,5%</b>	<b>42,9%</b>	0,363
<b>Nocellos/pés</b>	<b>24,3%</b>	<b>17,1%</b>	0,371
<b>Lumbar</b>	<b>45,6%</b>	<b>40%</b>	0,553
<b>Cóbados</b>	<b>5,1%</b>	<b>2,8%</b>	0,567
<b>Ombros/brazos</b>	<b>19,1%</b>	<b>22,9%</b>	0,621
<b>Pulsos/mans</b>	<b>15,4%</b>	<b>8,6%</b>	0,297
<b>Abdome</b>	<b>16,2%</b>	<b>8,6%</b>	0,256
<b>Xeonllos/papo da perna</b>	<b>20,6%</b>	<b>8,6%</b>	0,100

<b>Cadeiras</b>	13,3%	14,3%	0,871
-----------------	-------	-------	-------

A prevalencia de dor músculo esquelética no momento actual para cada unha das rexións anatómicas estudiadas, **segundo a titulación académica** que cursan os participantes, móstrase na Táboa 14.

Táboa 14:Prevalencia de dor músculo-esquelética actual segundo titulación académica.

	<b>Fisioterapia</b>	<b>Enfermería</b>	<b>Terapia ocupacional</b>	<b>Podoloxía</b>	<b>Logopedia</b>	<b>p</b>
<b>Costas superior</b>	46,2%	21,4%	37,9%	37,5%	36%	0,273
<b>Cervical</b>	49,2%	32,1%	55,2%	54,1%	60%	0,281
<b>Nocellos</b>	18,5%	17,6%	20,7%	41,7%	24%	0,197
<b>Lumbar</b>	46,2%	64,29%	51,7%	45,8%	32%	0,678
<b>Cóbados</b>	4,6%	7,1%	6,9%	4,2%	0%	0,746
<b>Ombros/brazos</b>	13,8%	14,3%	34,5%	25%	20%	0,177
<b>Pulsos/mans</b>	6,1%	7,1%	<b>31,0%</b>	20,8%	16%	<b>0,015</b>
<b>Abdome</b>	13,8%	10,7%	17,2%	16,7%	16%	0,957
<b>Xeonllos/papo da perna</b>	12,3%	7,1%	<b>37,9%</b>	29,2%	12%	<b>0,007</b>
<b>Cadeiras</b>	10,8%	7,1%	13,8%	25%	16%	0,373

Como podemos observar na Táboa 14, só aparecen diferenzas estatisticamente significativas en relación á dor nas rexións de dor en pulsos/mans e xeonllos/papo da perna entre os estudiantes das diferentes titulacións, onde destaca a súa prevalencia nos estudiantes de Terapia Ocupacional.

Obsérvase que en tódalas titulacións a maior prevalencia de dor recóllese para as rexións de columna cervical e lumbar. Así mesmo, para as titulacións de Fisioterapia, Enfermería, Logopedia e Terapia Ocupacional tamén predomina a rexión de costas superior, esta última titulación acompañada dunha alta prevalencia para a rexión de xeonllos e papo da perna. Por último, destaca en Podoloxía a alta prevalencia na localización de nocellos.


A prevalencia actual de dor músculo esquelética para cada unha das rexións anatómicas estudiadas, **segundo o curso académico** que cursan os participantes, móstrase na Táboa 11, non atopando diferenzas significativas para ningunha das zonas corporais estudiadas en relación ao curso académico no que se atopan os estudiantes.

*Táboa 15:Prevalencia de dor músculo-esquelética actual segundo curso académico.*

	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	<i>p</i>
<b>Costas superior</b>	40,63%	32,8%	40,7%	42,2%	0,734
<b>Cervical</b>	53,1%	50,7%	44,4%	48,9%	0,921
<b>Nocellos/pés</b>	25%	20,9%	11,1%	31,1%	0,252
<b>Lumbar</b>	37,5%	50,7%	40,7%	42,2%	0,554
<b>Cóbados</b>	6,3%	7,5%	3,7%	0%	0,308
<b>Ombros/brazos</b>	15,6%	19,4%	18,5%	24,4%	0,803
<b>Pulso/mans</b>	12,5%	11,9%	14,8%	17,8%	0,839
<b>Abdome</b>	21,9%	10,4%	7,4%	20%	0,217
<b>Xeonllos/papo da perna</b>	21,9%	10,4%	29,6%	20%	0,140
<b>Cadeiras</b>	15,6%	14,9%	3,7%	15,6%	0,452

### 3. Descripción da mostra segundo síntomas de sensibilización central e variables asociadas

En relación á sensibilización central, medida a través da primeira parte do Inventory de Sensibilización Central, os participantes obteñen unha puntuación media de 30,5 (14,3) puntos e unha mediana de 29, cun valor mínimo de 2 puntos e máximo de 92 puntos. Considerando os valores deste Inventory, citados no apartado de 3.9. Instrumentos de evaluación, e tal como se mostra na Figura 7, un 54,4% da mostra ten valores subclínicos (<29 puntos); un 24% valores medios (entre 30 e 39 puntos); un 9,9% valores de sensibilización central moderados (entre 40 e 49); un 7,6% valores severos de sensibilización central (entre 50 e 59 puntos) e, finalmente, teñen valores de sensibilización extrema un 4,1% (entre 60 e 100 puntos).



*Figura 7: Gráfico de niveis de sensibilización central.*

En relación aos diagnósticos clínicos que tamén permite medir o citado Inventory de Sensibilización Central e que aparecen reflexados na Táboa 17, a ansiedade (21,1%), as migrañas/cefaleas tensionais (17,5%), e a depresión (11,7%) foron os máis prevalentes.

*Táboa 16:Prevalencia dos diagnósticos de síndromes de sensibilización central segundo o Inventory de Sensibilidade Central*

	N	%
<b>Ansiedade</b>	36	<b>21,1%</b>
<b>Migrañas ou cefaleas tensionais</b>	30	<b>17,5%</b>
<b>Depresión</b>	20	<b>11,7%</b>
<b>Lategazo cervical</b>	17	9,9%
<b>Trastornos temporomandibulares</b>	13	7,6%
<b>Síndrome do colon irritable</b>	8	4,7%
<b>Síndrome de fatiga crónica</b>	1	0,6%
<b>Fibromialxia</b>	0	0%
<b>Sensibilidade química</b>	0	0%

Síndrome de pernas inquietas	0	0%
------------------------------	---	----

#### 4. Análise de Sensibilización Central (SC) e variables asociadas.

Tras a análise das posibles diferencias nos síntomas de sensibilización central en relación ao **xénero**, atópase un predominio de estes síntomas no xénero feminino, sendo ademais esta diferencia estatisticamente significativa ( $p<0.001$ ) (Figura 8).





Figura 8: Distribución da puntuación dos síntomas de Sensibilización Central entre xéneros.

A puntuación de sensibilización central segundo á **titulación** que cursan os participantes presentase na *Figura 9*. Tras unha análise comparativa por pares, si se presentan diferencias estatisticamente significativas entre as titulacións en relación á sintomatoloxía de sensibilización central; concretamente entre Terapia Ocupacional e Logopedia ( $p=0,017$ ), Terapia Ocupacional e Podoloxía ( $p=0,007$ ), Enfermería e Podoloxía ( $p=0,039$ ) e Fisioterapia e Podoloxía ( $p=0,023$ ). A sintomatoloxía de sensibilización central predomina nos estudantes de Podoloxía, presentándoa un 34,3% dos participantes con puntuacións superiores a 40.



*Figura 9: Puntuación media de sensibilización central por titulación académica.*

Realizouse o mesmo procedemento de análise dos síntomas de sensibilización central segundo o **curso** no que se atopan matriculados os estudantes, e os resultados demostraron que non había diferencias significativas ( $p=0,534$ ).

Por último, analizáronse que factores estaban correlacionados e inflúen na presenza de sensibilización central da nosa mostra, obtendo correlacións significativas para PCS (OR=-0,43;  $p<0,001$ ), MSC (OR=-0,63;  $p<0,001$ ), e o acoso físico (OR=0,16;  $p=0,037$ ), como se recolle no Material Complementario (análise 6).

## 5. Descripción da mostra segundo a calidade de vida relacionada coa saúde e variables asociadas

Os resultados de calidade de vida relacionada coa saúde, obtidos a través de cuestionario SF-12<sup>74</sup>, móstranse na Figura 9 para cada unha das 8 dimensóns e para os dous compoñentes sumarios (PCS: compoñente sumario físico, MCS: compoñente sumario mental). Preséntanse as puntuacións estandarizadas cos valores das normas poboacionais (media de 50 puntos e una desviación estándar de 10), representados coas liñas vermellas. Obsérvase que as dimensóns con peores puntuacións correspóndense as dimensóns relacionadas coa saúde mental (representadas en color gris na Figura 9), tales como “rol emocional” (RE= 41,75), “saúde

mental” ( $MH= 44,22$ ), “funcionamento social” ( $SF= 47,8$ ), “vitalidade” ( $VT= 48,55$ ) e o propio compoñente sumario mental ( $MCS= 41,44$ ). En xeral, a mostra presenta valores por debaixo dos valores de referencia poboacional en tódalas dimensíons relacionadas coa saúde mental; mentres que as relacionadas con saúde física son normais ou superiores os valores de referencia de poboación xeral.




Figura 9: Valores da mostra en cada unha das dimensión e compoñentes do cuestionario SF-12.

Cando comparamos a puntuación das dimensión do SF-12 **axustando por grupos de idade** (Figura 10), e considerando que a maioría da mostra se atopa entre 18 e 34 anos, observamos que, para saúde física a maioría dos participantes teñen puntuacións superiores á media poboacional; mentres que para a saúde mental, a maioría teñen puntuacións por debaixo dos valores de referencia, especialmente os do grupo de 25 a 34 anos.



Abbreviation  
 PCS = Physical Component Summary  
 MCS = Mental Component Summary  
 PF = Physical Functioning  
 RP = Role Physical  
 GH = General Health

BP = Bodily Pain  
 VT = Vitality  
 SF = Social Functioning  
 RE = Role Emotional  
 MH = Mental Health

Cando comparamos a puntuación do SF-12 axustando por **xénero** observamos que, no relativo a saúde física, o 63% do xénero masculino e o 68% do xénero feminino presentan puntuacións superiores á media poboacional e só un 3% e un 7% respectivamente, presentan valores inferiores ós de referencia.


No relativo a saúde mental destaca, polo contrario, que o 37% do xénero masculino e o 56% do xénero feminino están por debaixo das puntuacións de referencia; e só un 23% e 10% respectivamente presentan valores superiores os considerados de referencia.

Ademais, cabe mencionar que as puntuación iguais ou inferiores a 42 puntos no compoñente de saúde mental (MSC), son interpretadas como un cribado positivo no risco de presentar unha primeira fase de depresión <sup>77</sup>. Empregando os datos da poboación de referencia

*Figura 10: Puntuacións do cuestionario SF-12 segundo grupos de idade. PCS = puntuacións do componente sumario físico; MCS = puntuacións do componente sumario mental*

do SF-12 e analizando por xénero, un 50% das alumnas que participaron no estudo encontraríanse en risco dunha primeira fase de depresión (fronte ó 22% que está estimado en poboación xeral), reducíndose a un 28% nos alumnos (fronte ó 16% que se estima en poboación xeral) (Figura 11).

### **First Stage Positive Depression** **Screening % at Risk**



*Figura 11: Risco de primeira fase de depresión segundo xénero considerando o porcentaxe de participantes que se atopan con valores inferiores a 44 puntos no Componente Sumario Mental no caso dos homes (imaxa esquerda) e das mulleres (imaxa dereita).*

A continuación, preséntase na Táboa 17 a análise realizada dos sumatorios dos compoñentes de saúde física (PCS) e mental (MCS), así como as oito dimensíons que forman o cuestionario SF-12 respecto ao xénero, onde soamente foron encontradas diferencias significativas para o MCS ( $p=0,002$ ).

*Táboa 17: Análise das dimensíons do cuestionario SF-12 segundo xénero.*

	<b>Masculino (Media (DT))</b>	<b>Feminino (Media (DT))</b>	<b><i>p</i></b>
<b>Compoñente sumario físico (PCS)</b>	55,55(5,51)	55,17(7,07)	0,893
<b>Compoñente sumario mental (MCS)</b>	<b>46,68(11,14)</b>	<b>40,09(11,67)</b>	<b>0,002</b>

<b>Funcionalidade física (PF)</b>	54,80(5,41)	55,49(4,18)	0,602
<b>Rol físico (RP)</b>	49,81(8,70)	52,5(7,78)	0,051
<b>Saúde xeral (GH)</b>	49,99(9,30)	50,36(6,26)	0,816
<b>Dor corporal (BP)</b>	50,44(8,75)	51,03(10,11)	0,348
<b>Vitalidade (VT)</b>	48,63(9,72)	48,22(9,02)	0,874
<b>Funcionamento social (SF)</b>	47,35(10,13)	49,53(9,02)	0,264
<b>Rol emocional (RE)</b>	41,64(12,06)	42,17(13,20)	0,710
<b>Saúde mental (MH)</b>	44,43(10,65)	43,39(11,14)	0,633

DT: Desviación Típica

En relación ás **titulacións** e ós **cursos académicos**, as diferencias atopadas non foron significativas para ningún dos compoñentes, porén cabe destacar que o MSC empeora a medida que van avanzando os cursos académicos, a diferencia do PCS, tal como se mostra na Táboa 18.

Táboa 18: Valores do compoñente sumario físico e mental segundo titulación e curso académico.

		PCS (Media(DT))	MCS (Media(DT))
<b>TITULACIÓN</b>	FISIOTERAPIA	57,40(5,78)	41,71(10,89)
	ENFERMERÍA	55,24(5,78)	41,47(11,89)
	TERAPIA OCUPACIONAL	53,39(8,37)	43,37(12,27)
	LOGOPEDIA	54,71(8,45)	<b>40,59(10,38)</b>
	PODOLOXÍA	52,13(6,12)	<b>39,21(15,22)</b>
<i>p=0,008</i>			
<b>CURSO</b>	1º CURSO	53,02(8,19)	42,38(10,86)
	2º CURSO	55,50(5,87)	42,14(12,34)
	3º CURSO	55,46(5,53)	41,24(12,83)
	4º CURSO	56,34(7,41)	<b>39,84(11,33)</b>
<i>p=0,761</i>			

PCS: Compoñente Sumario Físico; MCS: Compoñente Sumario Mental; DT: Desviación Típica.

Nun análise complementario comprobouse que os resultados do SF-12 presentaban diferenzas en relación ás **titulacións académicas** cando estas se comparaban por pares, obtendo diferencias significativas para o PCS nas comparación de Podoloxía e Logopedia ( $p=0,017$ ), Podoloxía e Enfermería ( $p<0,001$ ) e Terapia Ocupacional e Fisioterapia ( $p=0,04$ ); pero sen diferencias significativas nos valores do MSC.

#### **4.4. Análise de correlación entre as experiencias de acoso sexual e as variables estudiadas relativas a saúde física e mental**

A continuación, preséntanse os resultados da asociación das variables xa citadas de dor musculoesquelética, sensibilización central e calidade de vida relacionada coa saúde (variables dependentes) e as experiencias de violencia sexual, a través dos 4 factores da *Escala de acoso sexual e interacción social de contido sexual no ámbito universitario (EASIS-U)* (variable independente).

Para analizar esta asociación realizouse unha agrupación dos participantes: (i) con puntuación superiores a 1 nos factores da *Escala de acoso sexual e interacción social de contido sexual no ámbito universitario (EASIS-U)*, o que indicaría que nalgún momento experimentaron algunha situación de chantaxe sexual, acoso sexual ou comportamento de interacción sexual (reflexado como “si” na táboa 19); e (ii) os que teñen puntuacións iguais ou inferiores a 1 e, polo tanto, nunca experimentaron estas situacións (reflexado como “non” na táboa 19).

##### **1. Asociación entre historial de violencia sexual e prevalencia de dor musculoesquelética no último ano**

Na Táboa 19 móstranse os resultados desta análise, observándose que só hai diferenzas significativas entre ter tido experiencias de chantaxe sexual e acoso sexual verbal e unha maior prevalencia de dor na rexión de costas superior no último ano.

Para o resto de zonas corporais, a excepción de abdome e cadeiras, os suxeitos que experimentaron violencia sexual tenden a presentar maior prevalencia de dor musculoesquelética, aínda que sen significancia estatística.

Táboa 19: Resultados de prevalencia de dor musculoesquelética no último ano segundo historial de violencia sexual.

		Chantaxe sexual		Acoso verbal		Acoso físico		Comportamento de interacción sexual	
		NON n (%)	SI n (%)	NON n (%)	SI n (%)	NON n (%)	SI n (%)	NON n (%)	SI n (%)
<i>Lumbar</i>	SI	89 (79,5%)	23 (20,5%)	79 (70,5%)	33 (29,5%)	93 (83,0%)	19 (17,0%)	54 (48,2%)	58 (51,8%)
	NON	52 (88,1%)	7 (11,9%)	43 (72,9%)	16 (27,1%)	50 (84,7%)	9 (15,3%)	27 (45,8%)	32 (54,2%)
	<i>p</i>	0,156		0,747		0,747		0,760	
<i>Costas</i>	SI	<b>75 (75,8%)</b>	<b>24 (24,2%)</b>	<b>64 (64,6%)</b>	<b>35 (35,4%)</b>	80 (80,2%)	19 (19,2%)	46 (46,5%)	53 (53,5%)
<i>Superior</i>	NON	<b>66 (91,7%)</b>	<b>6 (8,3%)</b>	<b>58 (80,6%)</b>	<b>14 (19,4%)</b>	63 (87,5%)	9 (12,5%)	35 (48,6%)	37 (51,4%)
	<i>p</i>	0,007		0,023		0,243		0,781	
<i>Cervical</i>	SI	93 (79,5%)	24 (20,5%)	83 (70,9%)	34 (29,1%)	97 (82,9%)	20 (17,1%)	55 (47,0%)	62 (53,0%)
	NON	48 (88,9%)	6 (11,1%)	39 (72,2%)	15 (27,8%)	46 (85,2%)	8 (14,8%)	26 (48,1%)	28 (51,9%)
	<i>p</i>	0,133		0,863		0,708		0,890	
<i>Abdome</i>	SI	37 (80,4%)	9 (19,6%)	31 (67,4%)	15 (32,6%)	36 (78,3%)	10 (21,7%)	21 (45,7%)	25 (54,3%)
	NON	104 (83,2%)	21 (16,8%)	91 (78,3%)	34 (27,2%)	107 (85,6%)	18 (14,4%)	60 (48,0%)	65 (52,0%)
	<i>p</i>	0,673		0,488		0,250		0,785	
<i>Cadeira</i>	SI	28 (75,7%)	9 (24,3%)	27 (73,0%)	10 (17,0%)	33 (89,2%)	4 (10,8%)	166 (43,2%)	21 (56,8%)
	NON	113 (84,3%)	21 (15,7%)	95 (70,9%)	39 (29,1%)	110 (89,2%)	24 (17,9%)	65 (48,5%)	69 (51,5%)
	<i>p</i>	0,221		0,805		0,302		0,570	

## 2. Asociación entre experiencias de violencia sexual e síntomas de sensibilización central e as dimensíons relacionadas coa saúde física e mental do SF-12

Os resultados da correlación entre os catro factores de acoso sexual (considerando os dous subgrupos citados previamente, isto é, suxeitos con e sen experiencias previas de acoso) e os valores de sensibilización central (SC), e os dos sumarios de compoñente físico e mental (PCS e MSC), preséntanse na Táboa 20, sen obter diferenzas significativas para ningunha das asociacións estudiadas. No caso da sensibilización central, as puntuacións son lixeiramente mais altas para aqueles suxeitos que tiveron algúna experiencia de acoso, sen que, como xa se mencionou, se atopasen diferencias significativas. Do mesmo xeito, no caso da saúde mental, tamén atopamos peores puntuacións para os que tiveron algúna das experiencias que recolle a escala de acoso sexual, sen que tales diferencias alcancen a significancia estatística.

*Táboa 20: Resultados de sensibilización central e dimensíons de saúde física e mental segundo historial de violencia sexual.*

	Chantaxe sexual		Acoso verbal		Acoso físico		<i>Comportamento de interacción sexual</i>	
	NON	SI	NON	SI	NON	SI	NON	SI
<b>n</b>	141	30	122	49	143	28	81	90
<b>SC</b>	29,87	33,17	29,86	31,92	29,57	34,96	29,37	31,41
<b>Media(DT)</b>	(13,54)	(17,49)	(13,90)	(15,35)	(13,77)	(16,34)	(13,98)	(14,61)
<b>p</b>	<i>p</i> =0,497		<i>p</i> =0,543		<i>p</i> =0,627		<i>p</i> =0,369	
<b>PCS</b>	55,38	54,65	55,01	55,86	55,20	55,51	54,87	55,59
<b>Media(DT)</b>	(6,74)	(6,99)	(6,84)	(6,61)	(6,46)	(8,60)	(6,51)	(7,00)
<b>p</b>	<i>p</i> =0,553		<i>p</i> =0,726		<i>p</i> =0,225		<i>p</i> =0,277	
<b>MCS</b>	41,52	41,07	41,81	40,51	<b>41,82</b>	<b>39,49</b>	42,96	40,07
<b>Media(DT)</b>	(12,04)	(11,0)	(11,76)	(12,09)	(11,98)	(11,08)	(11,81)	(11,76)
<b>p</b>	<i>p</i> =0,673		<i>p</i> =0,457		<i>p</i> =0,123		<i>p</i> =0,083	

SC: Sensibilización Central, PCS: Compoñente de saúde física, MSC: Compoñente de saúde mental,

## 5. Discusión

O obxectivo principal deste estudo foi analizar a prevalencia de acoso sexual sufrido polo estudantado universitario de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña, así como estimar a súa saúde física e mental, buscando unha posible asociación entre ambas variables. A saúde física e mental foi analizada a través do estudo da prevalencia e intensidade da dor musculoesquelética, a sensibilización central como síntoma de dor crónica, e a calidade de vida relacionada coa saúde. Para tal fin, foi empregado o Cuestionario Nórdico Simplificado, a Escala Numérica de Dor, o Inventory de Sensibilización Central, o cuestionario de calidade relacionada coa saúde SF-12 e a *Escala de acoso sexual e interacción social de contido sexual no ámbito universitario (EASIS-U)*, nunha mostra total de 171 estudiantes.

### 5.1. Acoso sexual

A prevalencia dun historial previo de diferentes experiencias de acoso sexual acadados co emprego da escala EASIS-U na mostra estudiada indican porcentaxes baixos de este tipo de experiencias. Os resultados deste estudo son moi diverxentes aos publicados no artigo de Ferrer et al.<sup>78</sup> que consideramos de referencia por ser feito en España nunha mostra universitaria formada por estudiantes universitarios (n=1521) e persoal administrativo e docente (n=172). As porcentaxes de estudiantes que experimentaron algunha situación de **chantaxe sexual (1,52%)**, **acoso verbal (9,35%)**, **físico (3,34%)**, son moi baixas en comparación as presentadas no artigo de referencia (15,9%, 16,0%, 17,1%, respectivamente). Así mesmo, outra diferencia a destacar é que no estudo de Ferrer si atopan diferencias significativas segundo xénero mentres que no noso estudo, aínda que se presenta maior porcentaxe de acoso sexual no xénero feminino que no masculino, tales diferencias non son significativas. Estas diverxencias tan notorias poden ser explicadas pola diferencia evidente do tamaño mostral total (1.521 vs 171) e pola porcentaxe de mulleres e homes de cada estudo (65% de mulleres no estudo de Ferrer et al., fronte o 79% nesta mostra), así como a inclusión de todo tipo de titulacións universitarias e non só das Ciencias da Saúde como neste caso. Non obstante, a non inclusión da análise por titulación académica do estudo de referencia, imposibilita coñecer se este factor é clave para explicar as diferencias mostradas. Así mesmo, cabe destacar que fronte ao predominio do *acoso sexual físico* no estudantado que mostra o artigo de Ferrer et al.,<sup>78</sup> na nosa mostra foi máis prevalente a presenza de *acoso sexual verbal*.

En relación á análise do acoso sexual en outras Universidades galegas, destacamos os datos extraídos do *Estudo evaluativo da discriminación por diversidade sexual e de xénero da*

*USC*,<sup>79</sup> onde se expón que un 5,6% da mostra analizada afirma ter experimentado situacóns de acoso sexual. Porén, non especifica o tipo de acoso sexual nin o grupo poboacional de estudio (estudiantes, PAS ou PDI). Non obstante, as cifras acadadas na nosa mostra resultan nun porcentaxe total maior ao exposto na USC.

Por último, cabe destacar que, debido á diverxencia de instrumentos de medida empregados, non se poden comparar as porcentaxes obtidas para cada un dos tipos de acoso sexual. Porén, si se manifesta no estudo da USC, unha maior prevalencia para os exemplos de *acoso sexual verbal* (ex. chistes, bromas ou piropos), coincidindo cos resultados acadados na nosa mostra.

Respecto á información dispoñible da Universidade de Vigo,<sup>80</sup> a porcentaxe de alumnos que confirma ter sufrido acoso sexual no ámbito universitario redúcese a un 3,2%. Porén, cabe destacar que, aínda que se empregou un instrumento de medida diferente (Sexual Experiences Questionnaire), as situacóns de *acoso verbal* (recollidas nesta escala como “acoso de xénero”), continúan sendo as más frecuentes, o que supón unha realidade coincidente para os estudiantes dos tres campus galegos.

A nivel nacional, destacamos os resultados da Universidade Complutense de Madrid, onde un 6,5% do alumnado que participante neste estudo, confirma ter sufrido algunha experiencia de acoso sexual dentro da Universidade, onde predomina o *acoso verbal* (26,3%).

En canto o perfil de perpetrador principal, este resultou ser o alumnado, resultado coincidente co estudo levado a cabo na Universidade de Vigo<sup>80</sup> e co estudo de Valls et al.<sup>3</sup>

Tendo en conta a bibliografía consultada<sup>7,8,68,81</sup> os dous primeiros anos académicos presentan maior prevalencia de situacóns de violencia sexual, polo que para determinar se isto se reproduce na nosa mostra analizamos a interacción dos factores de acoso en relación ao curso e titulación, comparando en que medida se producen os diferentes tipos de acoso (cada factor) segundo o curso, porén na nosa mostra, a excepción do factor de acoso físico, o resto de factores son más frecuentes no 4º curso.

## 5.2. Saúde física e mental

A **dor musculoesquelética** máis prevalente é a dor cervical, lumbar e de costas superior, de intensidade moderada. Esta prevalencia é independente do xénero, titulación ou nivel que cursan os estudiantes. Porén, cabe destacar a maior prevalencia de dor mostrada no xénero feminino, que aínda sen presentar diferenzas significativas co xénero masculino, chega a mostrar o duplo de participantes con dor en localizacións como os xeonllos. Esta tendencia a mostrar maior dor crónica no xénero feminino foi reflexada en outros estudos de análise de prevalencia de dor musculoesquelética en estudantado de Ciencias da Saúde;<sup>82,83</sup> así como en estudos de poboación xeral.<sup>84</sup>

A análise da prevalencia nos últimos 12 meses presenta valores moi elevados para as rexións cervical (68,4%), lumbar (68,4%) e costas superior (57,9%) nos estudiantes de todas as titulacións, coincidindo con outros estudos sobre prevalencia de dor musculoesquelética en estudiantes das Ciencias da Saúde analizada mediante o Cuestionario Nórdico de dor musculoesquelética.<sup>82,85-89</sup> Cabe destacar, que na gran maioría de artigos a rexión de ombros aparece entre as zonas corporais con dor más prevalente, a diferencia dos datos obtidos na nosa mostra.<sup>82,85,89</sup>

Así mesmo, é importante mencionar as diferenzas significativas encontradas para as rexións de mans e pulsos, así como a de xeonllos e papo da perna, para a titulación de Terapia Ocupacional. Esta alta prevalencia de dor en mans e pulsos é recollida polo estudio de Almhadawi et al.,<sup>85</sup> onde observan unha hipotética causa na realización de movementos precisos e constantes por parte dos estudiantes de Terapia Ocupacional como fonte de dor.

Por último, cabe destacar a falta de bibliografía que analice a dor musculoesquelética en estudiantes de Podoloxía. Porén, as afectacións musculoesqueléticas analizadas en profesionais da Podoloxía en activo, coinciden coas localizacións más prevalentes encontradas na nosa mostra (cervical, lumbar e costas superior) aínda que con porcentaxes menores ás reportadas polos nosos participantes.<sup>83</sup> Non obstante, si conclúen que a poboación máis nova tende a reportar maior prevalencia de dor musculoesquelética, polo que podería explicar parcialmente a diferencia porcentual respecto a este estudio.<sup>83</sup> Do mesmo xeito, cabe destacar que a presenza de dor musculoesquelética semella non afectar aos aspectos de funcionalidade

ou saúde xeral, entre outros, que constitúen o compoñente sumario físico (PCS) do cuestionario SF-12 e que presentan valores dentro da normalidade.

En relación á **sensibilización central**, a media da puntuación obtida nesta mostra é superior a reportada por artigos que analizan a dor crónica musculoesquelética en poboación adolescente portuguesa, como o de Andias et al.,<sup>90</sup> onde se reporta unha puntuación media de 23,3(14,4), inferior ao 30,5(14,3) da nosa mostra. Así mesmo, a porcentaxe de adolescentes con puntuacións de sensibilización maiores a 40 (valores de moderados a extremos), tamén é inferior con respecto ao noso estudio (13,1% vs 20,5%).

Incluso, estudos realizados en poboación adulta española como a investigación de Cuesta Vargas et al.<sup>72</sup> presenta valores inferiores de sensibilización central (24,6(12)). Cabe destacar, que os datos obtidos na nosa mostra determinan a presenza de valores medios de sensibilización central, cunha concentración maioritaria dos participantes con valores maiores a 40 puntos na titulación de Podoloxía, o que se manifesta nas diferencias significativas atopadas entre estudiantes de Podoloxía e do resto de titulacións. Estes datos de sensibilización poderían estar influídos pola maior idade dos participantes de Podoloxía, así como por unha peor puntuación no compoñente de saúde mental que tamén se presenta nos estudiantes desta titulación.

É necesario destacar, a presenza de diferencias notorias de tamaño mostral do noso estudio e os artigos mencionados,<sup>72,90</sup> así como na propia representación das diferentes titulacións dentro do noso traballo. Isto obriga a presentar estas diferencias significativas encontradas con suma cautela, debido a que se orixinan na titulación con máis participación en relación ao cómputo total de alumnos matriculados, pero non se correlacionan con ningún outro achado significativo. Isto, sumado á realidade dun déficit notorio de literatura que aborde o estudo das afeccións musculoesqueléticas do estudiantado de Podoloxía, pon de manifesto a necesidade de aumentar o coñecemento do estado de saúde desta titulación para poder confirmar esta sensibilización central manifestada nos resultados deste estudo.

En relación aos **diagnósticos clínicos**, presentados polos estudiantes que participaron no estudo, destaca a ansiedade (21,8%), a depresión (11,7%) e as cefaleas tensionais ou migrañas (17,5%) como os más prevalentes, como ocorre de maneira semellante no artigo de Cuesta

Vargas et al.<sup>72</sup> para a poboación adulta, pero con porcentaxes bastante más elevadas na nosa mostra en adultos mozos.

Como se menciona no parágrafo previo, a partir dos resultados obtidos na segunda parte do Inventory de Sensibilización Central sobre os diagnósticos clínicos mais prevalentes, máis do 30% da poboación universitaria de Ciencias da Saúde analizada refire presentar cadros ansiosodepresivos diagnosticados. Esta alta prevalencia podería ser clave para explicar os datos obtidos na análise da calidade de vida relacionada coa saúde a través do cuestionarios SF-12 que, como xa adiantamos anteriormente, reflexa unha afectación moi relevante no compoñente de saúde mental, desviándose da media poboacional estandarizada 0,86 puntos. Segundo Norman et al.<sup>91</sup> se esta diferenza supera o valor de 0,5 puntos, pode considerarse unha diferenza minimamente importante, é dicir, un cambio clínico real percibido pola persoa máis alá da significancia estatística. Esta afectación na saúde mental é xeneralizada para toda a mostra, pero de forma moito más marcada no xénero feminino ( $MSC=40,09$ ), e nos grupos de idades máis baixos, como é o caso do grupo de 18-24 anos no que se atopa gran parte da mostra deste estudo ( $MSC=49,26$ ). Así mesmo, parecen coherentes os achados entre a elevada porcentaxe de diagnóstico clínico de ansiedade e depresión e a elevada porcentaxe de alumnas que se atopan no primeiro estadío de depresión (**50%**) segundo os resultados obtidos a través do cuestionario SF-12.

Os resultados obtidos a través do cuestionario SF-12 están en concordancia cos obtidos por Backhaus et al.<sup>92</sup> que realizaron un estudio multicéntrico para analizar a calidade de vida relacionada coa saúde dos estudiantes universitarios de Italia, principalmente de Ciencias da Saúde ( $MCS= 40,74(9,99)$ ,  $PCS=53,96(5,94)$ ). Así mesmo, os resultados do artigo de Schmidt et al.,<sup>93</sup> onde se analiza poboación catalá, presenta valores semellantes aos obtidos no noso estudo tanto no PCS como do MCS por grupos de idade. En ámbalas dúas mostras,<sup>92,93</sup> indícase de forma semellante ao noso estudo, como o compoñente de saúde mental da poboación feminina presenta valores inferiores de forma xeneralizada. Tendo en conta a feminización característica das titulacións analizadas neste traballo, semella importante formular programas preventivos e terapéuticos que identifiquen dende a perspectiva de xénero, que factores están influíndo na pauperización da saúde mental das alumnas.

Non obstante, non se debe obviar o contexto no que o noso estudo foi realizado, marcado pola pandemia COVID-19, os períodos de corentena e illamento, así como a incertidume que impregnou toda a vida social, laboral e académica da nosa poboación diana. Actualmente, existe literatura científica que permite corroborar a elevada afectación psicolóxica que produciu a pandemia, exacerbada nas poboacións más novas e de maneira más notoria, nas mulleres,<sup>94,95</sup> o que podería explicar parcialmente os resultados obtidos.

### **5.3. Correlacións da saúde física e mental co acoso sexual.**

As análises realizadas intentaron dar resposta a nosa pregunta de investigación e determinar se a poboación universitaria das titulacións de grao de Ciencias da Saúde ofertadas pola UDC con historial de violencia sexual desenvolvida no marco académico teñen peor saúde física e mental. Os resultados acadados puxeron de manifesto que aquelas persoas que sufriran experiencias de acoso sexual teñen maioritariamente valores que indican peor saúde física e mental, se ben destacamos que as diferencias foron significativas para un número moi limitado de variables, tal como se detalla a continuación.

En canto o **impacto destas experiencias na saúde física**, só atopamos asociación significativa entre a presenza de dor de costas superior e a presenza de experiencias de chantaxe sexual e acoso sexual verbal. Porén, para a prevalencia do resto de zonas corporais analizadas, así como para os valores de sensibilización central e o compoñente sumario físico do SF-12 non se atoparon ningún tipo de asociación significativa cos factores que conforman a escala de acoso sexual EASIS-U. Non obstante, non somos coñecedoras de ningún estudio previo que analice o impacto da violencia sexual desenvolvida no ámbito académico universitario na saúde física dos estudiantes, polo que cabe destacar a ausencia de bibliografía que permita corroborar esta falta de significación con estudos realizados en mostras más representativas e amplias. Apuntamos a que o número reducido de persoas que afirma ter este tipo de experiencias limita encontrar tales asociacións no resto de localizacións.

En canto o **impacto do historial de experiencias de acoso sexual na saúde mental**, se ben non atopamos diferencias significativas nas variables empregadas para medir esta dimensión, tales como o inventario de sensibilización central e o compoñente sumario mental do SF-12, si queremos destacar que aquelas persoas con experiencias de acoso teñen valores

mais altos de sensibilización central e peores valores no compoñente de saúde mental do SF-12. Porén, si existen estudos publicados sobre a afectación psicolóxica que o acoso sexual produce no estudiantado universitario. Estudos como o de Mamaru et al.,<sup>96</sup> levado a cabo en estudiantes universitarias, ou o de Bastiani et al.,<sup>97</sup> cunha mostra universitaria de Italia, corroboran a afectación psicolóxica que o acoso sexual produce no estudiantado, aínda que empregando instrumentos de medidas diferentes ao cuestionario SF-12 (SRQ-20 e GHQ, respectivamente). É posible que estas diferenzas nos instrumentos de medida, xunto coas marcadas diferenzas de tamaño mostral, sexan importantes na análise da afectación psicolóxica, debido a que estes estudos focalizan de maneira concreta na angustia psicolóxica e no noso estudo predomina a análise da calidade de vida relacionada coa saúde.<sup>96,97</sup>

## 6. Limitacións

1. A diferencia de tamaño mostral con respecto ao xénero, puido limitar os resultados acadados nas comparacións realizadas coas variables de saúde física, mental e acoso sexual.
2. A falta dunha estandarización e dunha escala consensuada que permita o estudo da variable de acoso sexual, imposibilita realizar unha comparación e discusión máis exhaustiva dos datos acadados cos publicados por outros autores.
3. A exclusión de participantes que xa finalizaron os seus estudos de Grao imposibilita a comparación das situacións de acoso sexual actuais coas pasadas, o que podería ser interesante para avaliar a posible concienciación social da problemática.
4. A introdución de preguntas relativas á denuncia das experiencias de acoso sexual vividas debería ser introducida en futuros estudos que permitan analizar a eficacia dos instrumentos de denuncia dos que dispón o estudiantado da Universidade da Coruña.
5. O impacto da pandemia COVID-19 é ineludible á hora de analizar tanto a variable de acoso sexual como a calidade de vida física e mental do estudiantado.

## **7. Implicacións**

En primeiro lugar, os resultados acadados no proxecto de investigación realizado, permiten plantear certas implicacións académicas importantes, das cales se poderían extraer posteriores implicacións sociais e sanitarias a valorar.

Por un lado, este estudio aborda as experiencias de violencia sexual na Universidade da Coruña, aportando información relevante na caracterización do contexto universitario como un marco de desenvolvemento potencial de violencia sexual, principalmente, acoso sexual verbal. Deste xeito, a implicación deste traballo presenta unha esfera social ineludible, ao expoñer a transversalidade da problemática da violencia sexual, chegando a experimentarse en contexto a priori “seguros”, como o académico.

Así mesmo, o estudo da saúde física e mental do alumnado revela datos importantes en relación á presenza de dor crónica musculoesquelética elevada sen alteración actual da funcionalidade; así como, a afectación da saúde mental con presenza considerable de diagnóstico clínico ansiosodepresivo. Estes datos presentan unha implicación sociosanitaria clara, ao permitir confirmar o deterioro da saúde que presentan os estratos máis novos da poboación universitaria, ás veces inadvertido para a sociedade, pero que supón un foco de cronificación de patoloxías a ter en conta.

En segundo lugar, as implicacións prácticas extraídas deste traballo baséanse nos resultados de prevalencia acadados, que permiten caracterizar física e mentalmente ó alumnado, así como coñecer as súas experiencias de violencia sexual dentro da Universidade e como estas se correlacionan parcialmente coa prevalencia de dor en costas superiores.

É por tanto, que a importancia destes resultados será posta de manifesto nos potenciais programas de intervención que as institucións universitarias poden levar a cabo unha vez coñecidos os problemas que presenta o seu alumnado e que foron recollidos parcialmente neste estudo.

Deste xeito, programas de intervención psicolóxica e fisioterapéutica, poderían ser aplicados nesta poboación universitaria, co fin de mellorar as súas estratexias de asimilación e afrontamento das problemáticas académicas, así como diminuír a elevada prevalencia de dor

crónica musculoesquelética. Ademais, estes recursos poderían ser útiles na posterior actividade profesional sanitaria que os estudiantes desenvolvan, tendo presente as elevadas demandas psicolóxicas e físicas ás que se ve sometido o persoal sanitario na súa práctica laboral.

## 8. Conclusóns

1. O acoso sexual está presente no ámbito universitario, aínda que con prevalencia baixa, de maneira predominante na súa vertente de *acoso verbal* (9,4%), seguido polo *acoso físico* (3,3%) e a *chantaxe sexual* (1,5%).
2. Non se presenta ningún tipo de asociación na mostra estudiada dos diferentes tipos de acoso sexual coa orientación sexual ou a discapacidade.
3. O perfil predominante de perpetrador é o estudiantado, porén non se puido determinar un perfil característico de vítima en termos de xénero, titulación, curso, orientación sexual ou discapacidade.
4. Na poboación universitaria a dor musculoesquelética é moi prevalente e de intensidade moderada, destacando a afectación de costas independentemente do perfil de estudiante.
5. A sensibilización central do estudiantado de Ciencias da Saúde da UDC mostra valores medios, con diferenzas significativas para o xénero feminino e a titulación de Podoloxía.
6. A poboación universitaria das Ciencias da Saúde mostra unha marcada afectación da súa calidade de vida relacionada coa saúde mental, de forma más exacerbada no xénero feminino e no grupos de baixa idade.
7. Existe unha correlación significativa entre as experiencias de chantaxe sexual e acoso sexual verbal e a presenza de dor de costas superior.

## 9. Suxerencias para investigacións futuras

Tralos datos acadados no presente estudo de investigación, destacamos a necesidade de continuar ampliando o campo de coñecemento en relación á presenza de acoso sexual e a afectación da saúde física e, principalmente, saúde mental, que presenta o estudiantado universitario de Ciencias da Saúde.

Debido á tendencia presentada nos resultados entre maiores experiencias de acoso sexual e peores resultados de saúde física, mental e sensibilización central, suixerimos a importancia de replicar este tipo de estudos en mostras universitarias más representativas e amplias, principalmente, nos grupos poboacións que si experimentaron violencia sexual.

Así mesmo, a marcada prevalencia de dor musculoesquelética e a xeneralizada afectación da saúde mental do estudiantado participante, debe ser obxecto de preocupación para as institucións universitarias. Como tal, consideramos dunha elevada relevancia, a realización de traballos de investigación que profundicen na identificación dos factores que se localizan dentro do ámbito universitario e que pauperizan a saúde física e mental do alumnado. O seu recoñecemento debe ser a base na que se asenten os posteriores programas de intervención orientados á mellora tanto da saúde física como mental.

Por último, e como xa se mencionou anteriormente durante a discusión dos resultados, existe un marcado descoñecemento sobre a realidade universitaria de titulacións como Podoloxía que, non obstante, reflexaron afectacións moi marcadas tanto no ámbito físico como mental. É por iso, que suixerimos a poboación universitaria da titulación de Podoloxía, como unha mostra diana clave para o estudio dos determinantes de saúde física e mental que se localizan dentro do ámbito universitario.

## 10. Divulgación do estudo

Durante a realización do estudo, realizouse a difusión do mesmo durante as VII Xornadas Universitarias Galegas de Xénero, onde se presentou unha comunicación coa fundamentación teórica que sustenta o traballo, así como a súa metodoloxía e potencialidade dos futuros resultados. Axúntase certificación da participación como comunicantes no Anexo 7.

Tras unha análise das posibles revistas para a divulgación do estudo consideramos como mais relevantes as seguintes:

1. Atlánticas. Revista Internacional de Estudios Feministas
2. Investigaciones Feministas

3. European Journal of Podiatry
4. Fisioterapia
5. Fisioterapia Galega, COFIGA
6. Disability and Rehabilitation
7. Physical Therapy and Rehabilitation Journal
8. Physiotherapy
9. Brazilian Journal of Physical Therapy
10. Pain and Therapy
11. Investigación y Educación en Enfermería
12. International Journal Of Nursing Education Scholarship

Por último, cabe mencionar que os resultados obtidos serán postos a disposición da OIX, o Centro de Estudos de Xénero e Feministas da UDC e da Rede de Unidades de Igualdade de Xénero para a Excelencia Universitaria (RUIGEU) para o seu emprego e difusión. Do mesmo xeito, os resultados serán enviados para a súa exposición no Congreso anual da Asociación de Fisioterapeutas de España.

## **11. Referencias bibliográficas**

1. García-Moreno, Claudia, Knerr, Wendy. Comprender y abordar la violencia contra las mujeres. Violencia sexual. [Internet]. Organización Panamericana de la Salud; 2013 [citado 11 de febrero de 2021] p. 1-12. Disponible en: [https://apps.who.int/iris/bitstream/handle/10665/98821/WHO\\_RHR\\_12.37\\_spa.pdf;jsessionid=C2A65B6EDE4532FE42625FD0BE406EFE?sequence=1](https://apps.who.int/iris/bitstream/handle/10665/98821/WHO_RHR_12.37_spa.pdf;jsessionid=C2A65B6EDE4532FE42625FD0BE406EFE?sequence=1)
2. García Sáinz C, Durán MA, Universidad Autónoma de Madrid, editores. Unidades de igualdad: género y universidad. 1º Edición. Madrid: UAM Ediciones; 2017. 202 p. (Colección de Estudios).
3. Valls R, Puigvert L, Melgar P, Garcia-Yeste C. Breaking the Silence at Spanish Universities: Findings From the First Study of Violence Against Women on Campuses in Spain. *Violence Against Women*. 2016;22(13):1519-39.
4. Craner JR, Martinson AA, Sigmon ST, Mcgillicuddy ML. Prevalence of sexual trauma history using behaviorally specific methods of assessment in first year college students. *Journal of Child Sexual Abuse*. 2015;24(5):484-505.
5. Donde SD, Ragsdale SKA, Koss MP, Zucker AN. If It Wasn't Rape, Was It Sexual Assault? Comparing Rape and Sexual Assault Acknowledgment in College Women Who Have Experienced Rape. *Violence Against Women*. 2018;24(14):1718-38.
6. Elliott Smith RA, Pick LH. Sexual assault experienced by deaf female undergraduates: Prevalence and characteristics. *Violence and Victims*. 2015;30(6):948-59.
7. Sivertsen B, Nielsen MB, Madsen IEH, Knapstad M, Lønning KJ, Hysing M. Sexual harassment and assault among university students in Norway: A cross-sectional prevalence study. *BMJ Open*. 2019;9(6):1-10.
8. Conley AH, Overstreet CM, Hawn SE, Kendler KS, Dick DM, Amstadter AB. Prevalence and predictors of sexual assault among a college sample. *Journal of American College Health*. 2017;65(1):41-9.
9. Martin-Storey A, Paquette G, Bergeron M, Dion J, Daigneault I, Hébert M, et al. Sexual Violence on Campus: Differences Across Gender and Sexual Minority Status. *Journal of Adolescent Health*. 1 de junio de 2018;62(6):701-7.
10. Porta CM, Mathiason MA, Lust K, Eisenberg ME. Sexual Violence among College Students: An Examination of Individual and Institutional Level Factors Associated with Perpetration. *Journal of Forensic Nursing*. 2017;13(3):109-17.
11. Sylaska KM, Edwards KM. Disclosure Experiences of Sexual Minority College Student Victims of Intimate Partner Violence. *American Journal of Community Psychology*. 2015;55(3-4):326-35.
12. Irwin J. (Dis)counted Stories. *Qualitative Social Work: Research and Practice*. junio de 2008;7(2):199-215.
13. Scherer HL, Snyder JA, Fisher BS. Intimate partner victimization among college students with and without disabilities: Prevalence of and relationship to emotional well-being. *Journal of Interpersonal Violence*. 1 de enero de 2016;31(1):49-80.

14. Findley PA, Plummer SB, McMahon S. Exploring the Experiences of Abuse of College Students With Disabilities. *Journal of Interpersonal Violence*. 2016;31(17):2801-23.
15. Carey KB, Durney SE, Shepardson RL, Carey MP. Incapacitated and Forcible Rape of College Women: Prevalence Across the First Year. *Journal of Adolescent Health*. 2015;56(6):678-80.
16. Peltzer K, Pengpid S. Childhood physical and sexual abuse, and adult health risk behaviours among university students from 24 countries in Africa, the Americas and Asia. *Journal of Psychology in Africa*. 2016;26(2):149-55.
17. Bonar EE, DeGue S, Abbey A, Coker AL, Lindquist CH, McCauley HL, et al. Prevention of sexual violence among college students: Current challenges and future directions. *Journal of American College Health*. 2020;1-14.
18. Kirkner A, Plummer S-B, Findley PA, McMahon S. Campus Sexual Violence Victims with Disabilities: Disclosure and Help Seeking. *Journal of Interpersonal Violence*. 2020;1-22.
19. Duval A, Lanning BA, Patterson MS. A Systematic Review of Dating Violence Risk Factors Among Undergraduate College Students. *Trauma, Violence, and Abuse*. 2020;21(3):567-85.
20. Pugh B, Becker P. Exploring definitions and prevalence of verbal sexual coercion and its relationship to consent to unwanted sex: Implications for affirmative consent standards on college campuses. *Behavioral Sciences*. 2018;8(8).
21. Rogers SA, Rogers BA. Expanding Our View: Demographic, Behavioral, and Contextual Factors in College Sexual Victimization. *J Interpers Violence*. 2020;1-27.
22. Senn CY, Eliasziw 9. Deconstructing Incidents, Barata PC, Thurston WE, Newby-Clark IR, Radtke HL, et al. Sexual violence in the lives of first-year university women in Canada: no improvements in the 21st century. *BMC Women's Health*. diciembre de 2014;14(1):135.
23. Valls R, Puigvert L, Melgar P, Garcia-Yeste C. Breaking the Silence at Spanish Universities: Findings From the First Study of Violence Against Women on Campuses in Spain. *Violence Against Women*. noviembre de 2016;22(13):1519-39.
24. Coker AL, Follingstad DR, Bush HM, Fisher BS. Are Interpersonal Violence Rates Higher Among Young Women in College Compared With Those Never Attending College? *Journal of Interpersonal Violence*. 2015;31(8):1413-29.
25. Saling Untied A, Dulaney CL. College Students' Perceived Risk of Sexual Victimization and the Role of Optimistic Bias. *J Interpers Violence*. 2015;30(8):1417-31.
26. Coles J, Lee A, Taft A, Mazza D, Loxton D. Childhood Sexual Abuse and Its Association With Adult Physical and Mental Health: Results From a National Cohort of Young Australian Women. *J Interpers Violence*. 2015;30(11):1929-44.
27. Halstead V, Williams JR, Gonzalez-Guarda R. College Students' Perspectives on Campus Health Centers as a Sexual Assault Resource: A Qualitative Analysis. *violence vict*. 1 de febrero de 2018;33(1):109-25.
28. Martins C, Gouveia A, Chaves M, Lourenço R, Marques S, Santos T. Dating violence and nursing student well-being. *Atención Primaria*. noviembre de 2014;46:129-34.

29. As-Sanie S, Clevenger LA, Geisser ME, Williams DA, Roth RS. History of abuse and its relationship to pain experience and depression in women with chronic pelvic pain. American Journal of Obstetrics and Gynecology. abril de 2014;210(4):317.e1-317.e8.
30. Beydoun HA, Williams M, Beydoun MA, Eid SM, Zonderman AB. Relationship of Physical Intimate Partner Violence with Mental Health Diagnoses in the Nationwide Emergency Department Sample. Journal of Womens Health. febrero de 2017;26(2):141-51.
31. Eisenberg ME, Lust KA, Hannan PJ, Porta C. Campus Sexual Violence Resources and Emotional Health of College Women Who Have Experienced Sexual Assault. Violence Vict. 2016;31(2):274-84.
32. Friberg O, Emaus N, Rosenvinge JH, Bilden U, Olsen JA, Pettersen G. Violence affects physical and mental health differently: The general population based Tromsø study. PLoS ONE. 2015;10(8).
33. Kamiya Y, Timonen V, Kenny RA. The impact of childhood sexual abuse on the mental and physical health, and healthcare utilization of older adults. International Psychogeriatrics. marzo de 2016;28(3):415-22.
34. Wolff JM, Rosponda KM, Colaneri AS. Sexual Harassment, Psychological Distress, and Problematic Drinking Behavior Among College Students: An Examination of Reciprocal Causal Relations. The Journal of Sex Research. 24 de marzo de 2017;54(3):362-73.
35. Bulgin D, Frederick Amar A. The Relationship Between Sexual Violence and Disordered Eating. Issues in Mental Health Nursing. 2 de julio de 2016;37(7):493-500.
36. Liebschutz J, Savetsky JB, Saitz R, Horton NJ, Lloyd-Travaglini C, Samet JH. The relationship between sexual and physical abuse and substance abuse consequences. J Subst Abuse Treat. abril de 2002;22(3):121-8.
37. Romito P, Cedolin C, Bastiani F, Saurel-Cubizolles M-J. Disordered Eating Behaviors and Sexual Harassment in Italian Male and Female University Students. Journal of Interpersonal Violence. 2019;34(14):2960-74.
38. Leone JM, Carroll JM. Victimization and suicidality among female college students. Journal of American College Health. 17 de agosto de 2016;64(6):421-8.
39. Stein DJ, Chiu WT, Hwang I, Kessler RC, Sampson N, Alonso J, et al. Cross-National Analysis of the Associations between Traumatic Events and Suicidal Behavior: Findings from the WHO World Mental Health Surveys. Shea BJ, editor. PLoS ONE. 13 de mayo de 2010;5(5):e10574.
40. Bakken NW, Kruse LM. An Examination of Sexual Victimization, Self-Injurious Behaviors, and Suicidality Among Female College Students. Journal of Interpersonal Violence. 2019;1-20.
41. Sprang G, Bush HM, Coker AL, Brancato CJ. Types of Trauma and Self-Reported Pain That Limits Functioning in Different-Aged Cohorts. Journal of Interpersonal Violence. 2020;35(23-24):5953-75.
42. Walker N, Beek K, Chen H, Shang J, Stevenson S, Williams K, et al. The Experiences of Persistent Pain Among Women With a History of Intimate Partner Violence: A Systematic Review. Trauma, Violence, and Abuse. 2020;1-16.

43. Alhalal E, Ford-Gilboe M, Wong C, AlBuhairan F. Factors mediating the impacts of child abuse and intimate partner violence on chronic pain: a cross-sectional study. *BMC Women's Health.* diciembre de 2018;18(1):160.
44. Spiegel DR, Shaukat AM, Mccroskey AL, Chatterjee A, Ahmadi T, Simmelink D, et al. Conceptualizing a subtype of patients with chronic pain: The necessity of obtaining a history of sexual abuse. *Int J Psychiatry Med.* enero de 2016;51(1):84-103.
45. Ulirsch JC, Ballina LE, Soward AC, Rossi C, Hauda W, Holbrook D, et al. Pain and somatic symptoms are sequelae of sexual assault: Results of a prospective longitudinal study. *European Journal of Pain (United Kingdom).* 2014;18(4):559-66.
46. Voerman JS, Vogel I, De Waart F, Westendorp T, Timman R, Busschbach JJV, et al. Bullying, abuse and family conflict as risk factors for chronic pain among Dutch adolescents. *European Journal of Pain (United Kingdom).* 2015;19(10):1544-51.
47. Woolf CJ. Central sensitization: implications for the diagnosis and treatment of pain. *Pain.* 2011;152(3 Suppl):S2-15.
48. Santerre-Baillargeon M, Vézina-Gagnon P, Daigneault I, Landry T, Bergeron S. Anxiety Mediates the Relation Between Childhood Sexual Abuse and Genito-Pelvic Pain in Adolescent Girls. *Journal of Sex & Marital Therapy.* 17 de noviembre de 2017;43(8):774-85.
49. Vachon-Presseau E, Roy M, Martel M-O, Caron E, Marin M-F, Chen J, et al. The stress model of chronic pain: evidence from basal cortisol and hippocampal structure and function in humans. *Brain.* 2013;136(Pt 3):815-27.
50. Eriksen AMA, Schei B, Hansen KL, Sørlie T, Fleten N, Javo C. Childhood violence and adult chronic pain among indigenous sami and Non-Sami populations in norway: A SAMINOR 2 questionnaire study. *International Journal of Circumpolar Health [Internet].* 2016;75. Disponible en: <https://www.scopus.com/inward/record.uri?eid=2-s2.0-85015901453&doi=10.3402%2fijch.v75.32798&partnerID=40&md5=650cb4b404ea6ceedc17581bcd46e749>
51. Løyland B. The co-occurrence of chronic pain and psychological distress and its associations with salient socio-demographic characteristics among long-term social assistance recipients in Norway. *Scandinavian Journal of Pain.* 2016;11:65-72.
